

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019104	CEIP Plurilingüe Nantes	Sanxenxo	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	5º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	17

1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de ciencias da natureza no CEIP Plurilingüe Nantes, concello de Sanxenxo (Pontevedra). Este centro é de liña un, contando con 8 unidades (2 de educación infantil e 6 de educación primaria).

O alumnado para o cal se elaborou dita programación atópase no quinto curso da etapa, polo que conta con dez anos de idade aproximadamente. Son 11 alum@s (4 nenas e 7 nenos), e constitúen un grupo moi heteroxéneo. Hai que destacar que dentro deste alumnado atópase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

O obxectivo principal da área de Ciencias da Natureza é que as nenas e nenos cheguen a ser persoas activas, responsables e respectuosas co mundo en que viven, escomezando pola contorna máis cercana, que ofrece moitos recursos, xa que o centro está emprazado nunha zona rural, rodeado de natureza.

A materia que nos ocupa está organizada en catro bloques de contidos : "Cultura Científica" , "A vida no noso planeta", "Materias, forzas e enerxía" e "Tecnoloxía e dixitalización".

Así, o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes relacionadas coa materia, as forzas e as formas de enerxía; o respecto cara a súa contorna a favor da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS), así como os diferentes seres vivos e a súa organización. Por outra banda, o avance das tecnoloxías e a súa influencia na vida cotiá, fai preciso que o alumnado coñeza as tecnoloxías que o rodea e faga un uso seguro, eficaz e responsable das mesmas.

Todo isto levarase a cabo nas 7 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando dúas unidades en cada trimestre, e unha que se traballará ao longo de todo o curso, tal e como se especifica no punto 3.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, co coidado e coa protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UNHA GRAN VARIETADE DE SERES VIVOS	A unidade aborda os aspectos máis importantes sobre a estrutura e organización dos seres vivos, as súas características e os diferentes reinos onde podemos clasificalos.	15	18	X		
2	OS CINCO REINOS	Nesta unidade acercaremos ó alumnado ao coñecemento e profundidade das características propias dalgúns reinos, especialmente dos animais e as funcións vitais que estes realizan.	15	18	X		
3	AS PLANTAS	Ao longo da unidade abordarase a importancia da fotosíntese para a vida dos seres vivos, así como as características máis importantes das plantas e as súas funcións vitais.	14	16		X	
4	OS ECOSISTEMAS	O núcleo motivador da unidade son as relacións que establecen os seres vivos entre eles e co medio que os rodea, así como a relación do ser humano cos ecosistemas e o seu coidado e conservación.	14	16		X	
5	INVESTIGAMOS A MATERIA	As propiedades da materia, as fontes de enerxía renovables e non renovables, a súa transformación e a influencia na vida cotiá do alumnado serán os contidos a tratar na unidade correspondente.	14	16			X
6	A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN	Durante esta última unidade, o alumnado coñecerá as características e funcións das	14	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN	máquinas simples e compostas, así como o funcionamento das novas tecnoloxías e a súa importancia na sociedade actual.	14	12			X
7	PROXECTOS	Nesta unidade inclúense actividades levadas a cabo durante todo o curso onde se poñen en práctica as competencias: proxectos, investigacións, experimentos, exposición de traballos individuais e en equipo...	14	9	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	UNHA GRAN VARIEDADE DE SERES VIVOS	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Coñecer a estrutura e organización dos seres vivos identificando as súas características e funcións.	Coñecer a estrutura e organización dos seres vivos identificando as súas características e funcións básicas.	PE	80
CA2.2 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	Identificar e analizar as características, organización e propiedades dos seres vivos.		
CA2.3 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Establecer conexións sinxelas entre as aprendizaxes realizadas sobre os seres vivos, mostrando comprensión das relacións que se establecen.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas nas actividades da aula.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións. - Estrutura e niveis de organización dos seres vivos: tipos de células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas. - Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada a partir do estudo e da análise das características de diferentes ecosistemas. Os seres vivos: características, clasificación e tipos.

UD	Título da UD	Duración
2	OS CINCO REINOS	18

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	Identificar e analizar as características, organización e propiedades dos seres vivos dos cinco reinos, centrándose no reino animal.	PE	80
CA2.3 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Establecer conexións sinxelas entre as aprendizaxes realizadas sobre os seres dos cinco reinos, mostrando comprensión das relacións que se establecen.		
CA2.4 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do medio natural, a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Propoñer accións en favor da conservación e sustentabilidade do medio natural.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas nas actividades da aula.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións. - Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada a partir do estudo e da análise das características de diferentes ecosistemas. Os seres vivos: características, clasificación e tipos. - Características propias dos animais que permiten a súa clasificación e diferenciación en subgrupos relacionados coa súa capacidade adaptativa ao medio e a realización das funcións vitais: obtención de enerxía, relación coa contorna e perpetuación da especie. Animais autóctonos de Galicia. - Relación do ser humano cos ecosistemas para cubrir as necesidades da sociedade. Exemplos de bos e malos usos dos recursos naturais do noso planeta e as súas consecuencias, recoñecendo as accións humanas que modifican o medio natural e contribúen á extinción de especies. Importancia da biodiversidade.

UD	Título da UD	Duración
3	AS PLANTAS	16

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	Identificar e analizar as características, organización e propiedades do reino das plantas.	PE	80
CA2.3 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Establecer conexións sinxelas entre as aprendizaxes realizadas sobre as plantas, mostrando comprensión das relacións que se establecen.		
CA2.4 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do medio natural, a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Propoñer accións en favor da conservación e sustentabilidade do medio natural.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas nas actividades da aula.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións. - Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada a partir do estudo e da análise das características de diferentes ecosistemas. Os seres vivos: características, clasificación e tipos. - Características propias das plantas que permiten a súa clasificación en relación coa súa capacidade adaptativa ao medio e a realización das funcións vitais: obtención de enerxía, relación coa contorna e perpetuación da especie. A importancia da fotosíntese para a vida na terra. Plantas autóctonas de Galicia. - Relación do ser humano cos ecosistemas para cubrir as necesidades da sociedade. Exemplos de bos e malos usos dos recursos naturais do noso planeta e as súas consecuencias, recoñecendo as accións humanas que modifican o medio natural e contribúen á extinción de especies. Importancia da biodiversidade.

UD	Título da UD	Duración
4	OS ECOSISTEMAS	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	Identificar e analizar as características, organización e propiedades dos ecosistemas.	PE	80
CA2.3 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Establecer conexións sinxelas entre as aprendizaxes realizadas sobre os ecosistemas, mostrando comprensión das relacións que se establecen.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do medio natural, a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Propoñer accións en favor da conservación e sustentabilidade do medio natural.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas nas actividades da aula.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións. - Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada a partir do estudo e da análise das características de diferentes ecosistemas. Os seres vivos: características, clasificación e tipos. - Os ecosistemas como lugar onde interveñen factores bióticos e abióticos, mantendo un equilibrio entre os diferentes elementos e recursos. Relacións entre os seres vivos dun ecosistema, cadeas alimentarias, características, compoñentes e tipos de ecosistemas. - Relación do ser humano cos ecosistemas para cubrir as necesidades da sociedade. Exemplos de bos e malos usos dos recursos naturais do noso planeta e as súas consecuencias, recoñecendo as accións humanas que modifican o medio natural e contribúen á extinción de especies. Importancia da biodiversidade.

UD	Título da UD	Duración
5	INVESTIGAMOS A MATERIA	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	Identificar e analizar as características, organización e propiedades da materia, a enerxía, as forzas e as máquinas.	PE	80
CA3.2 - Recoñecer e explicar as diferentes formas e fontes de enerxía identificando os seus usos na vida cotiá e a súa influencia no desenvolvemento sustentable.	Recoñecer e explicar formas e fontes de enerxía, identificando usos na vida cotiá.		
CA3.3 - Participar con actitude emprendedora na procura, no contraste e na avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución, a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna.	Propoñer accións en favor da conservación e sustentabilidade do medio natural.		
CA3.4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna para partir do uso de máquinas simples e compostas.	Identificar máquinas simples e compostas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas nas actividades da aula.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións. - Propiedades da materia. Masa e volume. Cálculo da masa e do volume a través da experimentación. - As fontes de enerxía renovables e non renovables. - A enerxía eléctrica. Os circuitos eléctricos e as estruturas robotizadas. Atracción e repulsión de cargas eléctricas. - Influencia das fontes de enerxía renovables na contribución ao desenvolvemento sustentable. - Fontes, transformacións, transferencia e uso responsable da enerxía na vida cotiá para afrontar problemas ecosociais. - Identificación, características e funcións das máquinas simples e compostas de uso cotián.

UD	Título da UD	Duración
6	A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar os recursos educativos dixitais de forma segura e responsable, buscando información, comunicándose de maneira respectuosa, traballando de maneira individual e en equipo, respectando as normas e creando contidos sinxelos.	TI	100
CA4.2 - Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía, identificando os seus riscos e os beneficios na sociedade.	Coñecer os principais avances da técnica e da tecnoloxía, identificando riscos e beneficios para a sociedade.		
CA4.3 - Formular problemas de deseño que se resolvan coa creación dun prototipo ou solución dixital, avaliando as necesidades da contorna e establecendo obxectivos concretos.	Formular problemas de deseño que se resolvan coa creación dun prototipo ou solución dixital.		
CA4.4 - Diseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de proxectos de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.	Realizar proxectos utilizando técnicas básicas de traballo cooperativo, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de maneira dialogada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, os dispositivos, as técnicas e os materiais adecuados.	Construír en equipo un produto final sinxelo de forma guiada, empregando as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.		
CA4.6 - Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e propoñendo posibles retos para futuros proxectos.	Comunica os resultados en diferentes formatos, explicando os resultados obtidos cunha linguaxe adecuada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Estratexias de procura de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual). - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para recoller e comunicar información (formato de texto, axuste de páxina, inserción de imaxes). Xestión de arquivos. - Regras básicas de seguridade e privacidade para navegar pola internet e para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe. - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, dependencia tecnolóxica, acceso a contidos inadecuados) e estratexias de actuación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Influencia do desenvolvemento tecnolóxico na mellora das condicións de vida e de traballo na sociedade actual. - Avances da ciencia na contorna (medicina, tecnoloxías da información e da comunicación, cinema, deporte...). - Observación e formulación de situacións-problema derivadas de necesidades que xurdan na súa contorna próxima. - Iniciación ás fases do pensamento computacional (creación de esquemas ou diagramas sinxelos para planificar accións, descomposición dunha tarefa en partes máis sinxelas, desenvolvemento de diferentes estratexias para a resolución dun problema). - Técnicas para potenciar o traballo cooperativo, a cohesión de grupo e a resolución pacífica de conflitos. - Estratexias en situacións de incerteza: adaptación e cambio de estratexia cando sexa necesario, e valoración do erro propio e o dos demais como oportunidade de aprendizaxe. - Deseño, prototipo, proba e avaliación dun proxecto de deseño sinxelo que teña relevancia na súa contorna. - Construción de proxectos sinxelos, utilizando de forma guiada diferentes materiais, ferramentas, obxectos, dispositivos e recursos dixitais seguros e adecuados para a consecución do proxecto. - Linguaxe sinxela de programación por bloques e as relacións lóxicas entre eles (executar movementos, sensores, motores, impresión 3D). - Presentación dos proxectos desenvolto, utilizando diferentes soportes e estratexias de comunicación e explicando

Contidos

- de forma oral e escrita as estratexias seguidas.

UD	Título da UD	Duración
7	PROXECTOS	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información, adquirindo léxico científico básico.	TI	100
CA1.3 - Diseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura, rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas.	Realizar experimentos de maneira guiada seguindo as indicacións e anotando correctamente a información.		
CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, e comunicar as conclusións das investigacións, utilizando linguaxe científica e explicando os pasos seguidos.	Analizar a información e os resultados, e comunicar conclusións das investigacións en diferentes formatos, cunha linguaxe adecuada.		
CA4.4 - Diseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de proxectos de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.	Realizar proxectos utilizando técnicas básicas de traballo cooperativo, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de maneira dialogada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A ciencia, a tecnoloxía e a enxeñería como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero relacionadas co desenvolvemento de hábitos de vida sustentable e o coidado do planeta.
- Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses.
- Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións.
- Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo.
- Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade.
- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.
- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos).
- Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:

Contidos

- Técnicas para potenciar o traballo cooperativo, a cohesión de grupo e a resolución pacífica de conflitos.
- Estratexias en situacións de incerteza: adaptación e cambio de estratexia cando sexa necesario, e valoración do erro propio e o dos demais como oportunidade de aprendizaxe.
- Presentación dos proxectos desenvolto, utilizando diferentes soportes e estratexias de comunicación e explicando de forma oral e escrita as estratexias seguidas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Para acadar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

- A realización de proxectos que partan dos coñecementos previos do alumnado e da súa contorna próxima, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.
- Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativa.
- Tarefas de aprendizaxe que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos... nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.
- Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.

Para levar a cabo estas actividades:

- Partirase dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.
- As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.
- Utilizarase unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando o alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos contidos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

RECURSOS MATERIAIS: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina, material de laboratorio, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, tablets, placas programables (Makey-Makey...)

RECURSOS DIXITAIS: aula virtual, enciclopedias online, vídeos educativos, libros dixitais, páxinas de fichas interactivas (Liveworksheets), aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (Scratch, mblock ou makeblock...), kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo..., así como os diversos

espazos da contorna.

É preciso puntualizar que o emprego de material non é un fin en si mesmo e non garante a consecución dos obxectivos, esixe dunha planificación e secuenciación por parte da docencia.

O emprego do material require dunhas pautas para o seu uso e conservación, deberán ser asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa, se ben o reparto e recollida do mesmo estará incluído dentro dos roles dos equipos de traballo.

A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.

- Recollida de información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades de expresión oral e escrita, comprensión oral e escrita, busca de información guiada...

Os resultados da avaliación inicial daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que participará a totalidade do equipo docente. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación, decidiranse as medidas de atención á diversidade máis pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	14	14	14	14	14	100
Proba escrita	80	80	80	80	80	0	0	58
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	100	100	42

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia teranse en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, que son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán sobre todo probas obxectivas (orais e/ou escritas), tarefas e fichas avaliábeis, que versarán sobre contidos de cada unidade.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o traballo do caderno de clase, o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, o respecto polos compañeiros e a capacidade de seguir instrucións e expresión e comunicación de resultados.

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1: Probas escritas: 80%. Táboas de indicadores 20%

UNIDADE 2: Probas escritas: 80%. Táboas de indicadores 20%

UNIDADE 3: Probas escritas: 80%. Táboas de indicadores 20%

UNIDADE 4: Probas escritas: 80%. Táboas de indicadores 20%

UNIDADE 5: Probas escritas: 80%. Táboas de indicadores 20%

UNIDADE 6: Táboas de indicadores 100%

7: Táboas de indicadores 100%

Para o cálculo da nota de cada avaliación realizarase o seguinte procedemento:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= media UDs 1 e 2 (80%) + NOTA UD7 (20%)

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= media UDs 3 e 4 (80%) + NOTA UD7 (20%)

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= media UDs 5 e 6 (80%) + NOTA UD7 (20%)

De cara a avaliación final, o peso da nota de cada trimestre será o seguinte:

1o TRIMESTRE: 34%

2o TRIMESTRE: 33 %

3o TRIMESTRE: 33%

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa igual ou maior que cinco.

Cualificacións: O resultado da avaliación expresarase con cualificacións numéricas enteiras nos niveis:

- 0 a 4 puntos: Insuficiente (IN).

- 5 puntos: Suficiente (SU).

- 6 puntos: Ben (BE).

- 7 e 8 puntos: Notable (NT). -

- 9 e 10 puntos: Sobresaliente (SB).

Grao mínimo de consecución para superar a materia: O alumnado deberá acadar como mínimo o 50% do 100% na avaliación final para superar a materia, é dicir, 5 puntos dos 10 totais.

Cráterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia realizando ben tarefas sobre os contidos traballados, ou ben probas obxectivas.

6. Medidas de atención á diversidade

Partindo da diversidade que amosa o alumnado e de que este non aprende nin da mesma forma nin ao mesmo ritmo, cómpre ter en conta os distintos perfís, ritmos e necesidades de aprendizaxe que existan na aula, observados dentro do grupo ou de forma individualizada, de cara a que as medidas que se adopten reforcen a aprendizaxe de cada alumna e de cada alumno na medida en que esta ou este o precise.

Xunto co departamento de orientación do centro, porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. En xeral, o momento no que se producirá esta detección será durante o proceso de avaliación inicial. Así, tan rápido como se detecten esas necesidades, adoptaranse as medidas educativas máis axeitadas que lle permitan á alumna ou ao alumno continuar de forma óptima o seu proceso educativo.

Entre as medidas que se poderían poñer en marcha estarían:

1. Medidas ordinarias, que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo sen alteración significativa do mesmo. Teranse en conta, no seu caso, distintas medidas que atendan a:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resúmenes, etc.

- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...

- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.

- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

2. Medidas extraordinarias, que dean resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poida requirir modificacións significativas dos elementos prescriptivos do currículo. A este respecto, e en relación ao que se observe na aula e o que se propoña desde o departamento de orientación, realizaranse as adaptacións curriculares que se precisen.

En relación ao anterior, habería outras medidas na procura dunha mellor atención á diversidade do alumnado que poderán poñerse en marcha en relación aos recursos existentes no centro:

- A atención de profesorado especialista en pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe.
- O aproveitamento dos recursos da contorna dixital do centro, que poden facilitar que cada alumna ou cada

alumno realice tarefas graduais e moduladas acordes ás súas capacidades, podendo ampliar coñecementos ou centrarse en aspectos máis puntuais.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - A comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O fomento do emprendemento					X	X	X
ET.7 - O espírito científico	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A educación para a saúde	X			X			
ET.9 - A educación afectivo-sexual	X	X					
ET.10 - A igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - A educación para a sostibilidade	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - A educación para o consumo responsable					X	X	

Observacións:

Segundo o recollido no artigo 17 (elementos transversais) do Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, na posta en práctica desta programación traballarase de xeito transversal: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.

Ademais dos elementos transversais citados anteriormente, prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.

Tamén se incidirá na prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

O alumnado participará en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións	Celebración das conmemoracións establecidas na PXA.	X	X	X
Festividades	Celebración das festividades tradicionais do ciclo anual	X	X	X
Saídas didácticas	Participación nas saídas didácticas organizadas.	X	X	X
Outras actividades	Participación noutro tipo de actividades como obradoiros, charlas...	X	X	X

Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

En canto ás actividades complementarias, realizaranse actividades relacionadas coas diferentes conmemoracións establecidas na PXA:

1º TRIMESTRE

Día Universal da infancia (20/11), Día Internacional contra a Violencia de xénero (25/11), Conmemoración da Constitución e Estatuto de Autonomía de Galicia (06/12), Día Internacional da Persoas con Discapacidade (03/12) e Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos(10/12).

2º TRIMESTRE

Día Escolar da non Violencia e da Paz (30/01), Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia (11/02), Día de Rosalía de Castro (23/02), Semana da prensa (2ª semana de marzo) e Día Internacional da Muller (08/03)

3º TRIMESTRE

Día Internacional dos Dereitos do Consumidor (15/03), Día das Artes Galegas (01/04), Día Mundial da Saúde (07/04), Día da Terra (24/04), Semana do Libro (23/04), Día Internacional contra o Acoso Escolar (02/05), Semana da Letras Galegas (17/05) e Día Mundial do Ambiente (05/06)

Ademais, celebraranse festas tradicionais como o Samaín, o Magosto e o Entroido, así como outras actividades que os equipos docentes deseñarán no momento oportuno (lecturas, contacontos, presentacións, saídas...), e que servirán para o desenvolvemento das competencias clave.

Tamén se realizarán actividades relacionadas cos programas nos que participa o centro e programaranse saídas didácticas para realizar nos diferentes trimestres.

En todas as actividades programadas tratarase de fomentar a convivencia, desenvolver actitudes de solidariedade e irmandade entre o alumnado e profesorado, ademais de salientar valores sociais, culturais e morais, imprescindibles para o bo progreso dos individuos como seres sociais.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación da programación ao contexto da aula.
Temporalización da programación axeitada.

Metodoloxía empregada
Metodoloxía adaptada ás características do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organización e aproveitamento dos recursos e materiais.
Medidas de atención á diversidade
Implementación de medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Establecemento dun clima de traballo positivo na aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordinación co equipo docente e familias.

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente teranse en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada do noso labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Para o seguimento da actividade lectiva utilizarase o diario de clase, xa que esta ferramenta permite comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedaran reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

O seguimento e avaliación da programación atenderá aos seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporización das unidades didácticas.
- Seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado. En función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora nos aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019104	CEIP Plurilingüe Nantes	Sanxenxo	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	5º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	17

1. Introducción

A PROGRAMACIÓN DOCENTE do 5º Nivel no C.E.I.P. de NANTES vai ser o instrumento específico de planificación, desenvolvemento e avaliación de cada unha das áreas do currículo, na que se concretan os obxectivos, as competencias básicas, os contidos, os diferentes elementos que compoñen a metodoloxía, as actividades, os criterios, os procedementos e instrumentos de avaliación.

Está integrada no PLAN XERAL ANUAL, e está elaborada pola mestra titora atendendo á necesaria coordinación cos demais mestres que imparten as diferentes áreas que integran o 5º nivel.

Neste curso 2024/25 no 5º curso escolarízanse un total de 11 alumnos distribuídos nunha aula.

A titora está encargada de impartir as áreas de Lingua Galega, Lingua Castelá e Ciencias Sociais. Haberá uns mestres especialistas encargados da sección bilingüe de educación artística-plástica, de Educación Musical, Educación Física, Relixión e Proxecto Competencial e as materias de Ciencias da Natureza e Matemáticas serán impartidas por dúas mestras que cubren as horas da titora, xa que é tamén a directora do centro.

Foi elaborada polo profesorado que imparte este curso en función das liñas pedagóxicas do centro e dos criterios e das medidas adoptadas polo claustro de profesorado.

Propoñemos unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3	2	4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e as propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, aos dereitos humanos e da infancia e aos principios e valores do Estatuto de autonomía de Galicia, da Constitución española e da Unión Europea, valorando a función do Estado e das súas institucións no mantemento da paz e da seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O noso planeta: A Terra	Coñeceremos os elementos que forman o Universo, o Sistema Solar e o planeta Terra.	17	12	X		
2	O clima	Analizaremos o clima no noso planeta. Estudo dos diversos climas de España e Galicia. Coñecemento dos elementos e factores do clima. Causas e consecuencias do cambio climático: medidas a adoptar. O desenvolvemento sustentable nas actividades humanas e económicas. Distribución da riqueza. Coñecemento dos obxectivos do desenvolvemento sustentable e dos límites do planeta. Aforro de enerxía	17	12	X		
3	Vivimos en democracia	Nesta unidade, a situación de aprendizaxe céntrase na importancia e valoración dos principios democráticos, partindo de	17	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Vivimos en democracia	cuestións que tratan de disparar a reflexión e a opinión do alumnado sobre os dereitos das persoas e a importancia de respectalos. Relacionaranse os coñecementos previos do alumnado sobre os territorios, as comunidades e os sistemas de goberno cos tratados na unidade.	17	12		X	
4	Somos unha sociedade diversa	Estudo das variables demográficas e a súa representación gráfica. Comportamento da poboación e a súa evolución. Contraste de zonas urbanas e zonas rurais: o despoboamento.	17	12		X	
5	A Idade Media	Coñecemento sobre as diferentes fontes históricas e relación con feitos históricos da Idade Media. Coñecemento dos distintos feitos históricos da Idade Media. Investigación sobre expresións artísticas e culturais da Idade Media: Camiño de Santiago, Románico e Gótico.	16	12			X
6	A Idade Moderna	Coñecemento sobre as diferentes fontes históricas e relación con feitos históricos da Idade Moderna. Coñecemento dos distintos feitos históricos da Idade Moderna. Investigación sobre expresións artísticas e culturais da Idade Moderna: os descubrimentos, Renacemento e Barroco.	16	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O noso planeta: A Terra	12

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.	PE	70
CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relacionar, de xeito sinxelo, os elementos do medio natural, social e cultural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
Nas primeiras sesións realizaranse actividades nas que o alumnado aplique técnicas básicas propias de educación plástica tales como: debuxo de formas básicas e simples, diferentes técnicas de coloreado, recortado, pregado, etc. Para avaliar isto empregarase a observación sistemática coa axuda dun anecdotario e o análise das producións realizadas.

No caso de detectar dificultades individuais, realizarase un plan de reforzo para facer acadar o nivel do grupo a aquel discente que o precise. Para iso, se fará un seguimento máis exhaustivo do mesmo, reforzaranse os contidos na aula e/ou materiais anexos que permitan que recupere aqueles aspectos que presente con maior dificultade.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	18	18	24	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A totalidade dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

- 1º trim.: UD1 60% + UD4 40%
- 2º trim.: UD2 60% + UD4 40%
- 3º trim.: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 30%
- 2º trim. 30%
- 3º trim. 40%

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os obxectivos mínimos da materia ó final de cada UD, poderá recuperalos ao final de cada trimestre. A recuperación consistirá nun debuxo e unha manualidade bidimensional ou tridimensional relacionados coas UD do Trimestre. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á familia, mediante a axenda do alumnado e/ou a través do Abalar, así como do xeito de como pode recuperar dita UD.

Ademais, se estes non foren acadados trimestralmente, isto poderá ser acadado de cara á avaliación final. Téñase en conta que, por un lado, na UD3 recóllense todos os CA das UD1 e UD2 e, por outro lado, a UD4 trabállase en todos os trimestres.

6. Medidas de atención á diversidade

O grupo ao que se destina esta programación é heteroxéneos tanto nas aprendizaxes previas, experiencias, como nas características de cada un dos/as alumnos/as.

Polo tanto, este aspecto debe ser contemplado xa que os ritmos e os modos de aprender van a ser diferentes.

Ante as dificultades que poidan aparecer na aula de plástica, as estratexias en principio contempladas serán:

- En canto deficiencias sobre o coñecemento da materia: reforzase a través das propias actividades contempladas que favorezan a súa comprensión e contribúan a un mellor desempeño das producións plásticas.
- Agrupacións diferentes segundo as actividades: trátase de xestionar o propio coñecemento e facer que aprendan e se retroalimenten grazas ó traballo en grupo. Este aspecto será contemplado de cara a diversidade xa que a priori os grupos de iguais son mais favorables cara a aprendizaxe que o dirixido a través dun adulto, neste caso dende o mestre. Este tipo de traballo tamén será positivo para desenvolver habilidades sociais naqueles nenos/as que presenten dificultades neste eido ademais de fomentar hábitos de responsabilidade, resolución de conflitos, iniciativa propia, orixinalidade, diálogo,etc.
- Xestión dos tempos: teranse en conta as características do alumnado na entrega de tarefas flexibilizando estes se é necesario.

No caso de alumnado con dificultades de aprendizaxe, levaranse a cabo as seguintes pautas de actuación:

- Explicacións breves, claras e concisas.
- Secuenciar as actividades.
- Crear un clima de tranquilidade onde sexa máis fácil manter a atención.
- Verificar que todo o alumnado comprende as tarefas despois das pertinentes explicacións.
- Flexibilización do tempo asignado a cada tarefa. Estas medidas poderán ser ampliadas e/ou modificadas

dependendo das características que presente o alumnado no momento de aplicalas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais 1-6, 8 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións	Celebración das conmemoracións establecidas na PXA	X	X	X
Festividades	Celebración das festividades tradicionais do ciclo anual.	X	X	X
Saídas didácticas	Participación nas saídas didácticas organizadas.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Outras actividades	Participación noutro tipo de actividades como obradoiros, chharlas, PDI do centro, programas educativos...	X	X	X

Observacións:

Estas son algunhas das posibles actividades complementarias a realizar durante o curso dende a área de Educación Plástica e Visual. Segundo as necesidades que se vaian presentando poderán engadirse máis ou modificar algunhas delas. En todas as actividades programadas tratarase de fomentar a convivencia, desenvolver actitudes de solidariedade e irmandade entre o alumnado e profesorado, ademais de salientar valores sociais, culturais e morais, imprescindibles para o bo progreso dos individuos como seres sociais.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Revisouse a PD ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida.
Avaliouse seguindo os instrumentos de avaliación fixados na programación docente.
Metodoloxía empregada
Empregáronse diferentes estratexias e/ou recursos para a presentación de novas situacións de aprendizaxe.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Modificouse a práctica docente ante as dificultades de aprendizaxe do alumnado.
Flexibilizáronse os tempos, instrumentos, contidos... en función das necesidades do alumnado.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.
Aportouse información ao persoal docente titor.

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada do noso labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

De forma mensual levarase a cabo a revisión da PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

- Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
- Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019104	CEIP Plurilingüe Nantes	Sanxenxo	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	5º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	29

1. Introducción

A Programación Docente do 5º Nivel no C.E.I.P. Plurilingüe de Nates vai ser o instrumento específico de planificación, desenvolvemento e avaliación de cada unha das áreas do currículo, na que se concretan os obxectivos, as competencias básicas, os contidos, os diferentes elementos que compoñen a metodoloxía, as actividades, os criterios, os procedementos e instrumentos de avaliación.

Está integrada na Programación Xeral Anual, e está elaborada pola mestra titora atendendo á necesaria coordinación cos demais mestres que imparten as diferentes áreas que integran o 6º nivel.

Neste curso 2024/25 no 5º curso escolarízanse un total de 11 alumnos e alumnas. A titora está encargada de impartir as áreas de Lingua Galega, Lingua Castelá e Ciencias Sociais. Haberá uns mestres especialistas encargados da sección bilingüe de educación artística-plástica, de Educación Musical, Educación Física e Relixión, Proxecto Competencial e as materias de Ciencias da Natureza e Matemáticas serán impartidas por dúas mestras que cubren as horas da titora, xa que é tamén a directora do centro

Elabórase en función das liñas pedagóxicas do centro e dos criterios e das medidas adoptadas polo claustro de profesorado.

Propoñemos unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

Así pois, estruturamos esta área en 6 bloques que definen os obxectivos e os contidos básicos:

- Bloque 1: As linguas e os seus falantes.
- Bloque 2: Comunicación oral.
- Bloque 3: Comunicación escrita.
- Bloque 4: Alfabetización mediática e informacional.
- Bloque 5: Educación literaria.
- Bloque 6: Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

Formúlanse 6 unidades didácticas nas que desenvolveremos a totalidade dos bloques de contidos durante o curso escolar.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coidamos os mares? Por que imos ao colexio?	Na primeira unidade propónse como eixo conductor o coidado dos mares e os océanos. O seu valor como fonte de vida, abastecimento alimentario, regulador ambiental ou produtor de recursos, son valores que van calar no alumnado. Ademais contextualizaremos este tema co inicio do curso debatendo sobre a importancia de acudir ao colexio e o dereito universal á educación. A partir destas temáticas analizaremos que é a noticia, o alumnado vai a descubrir e reflexionar sobre o contexto educativo de nenos e nenas doutras culturas. Tamén realizarán xogos coma o teléfono averiado a partir de novas do xornal impreso e dixital e planificar e redactar noticias a partir dun titular elixido e sobre algún acontecemento do colexio coma pode ser O Magosto. Van construír a realidade a través do coñecemento e emprego da linguaxe. Eevanse traballar conceptos vinculados coa gramática, a ortografía, a literatura, a expresión oral, etc.	17	24	X		
2	Non é xusto! Respetamos aos animais?	A xustiza está vinculada con valores coma a equidade, a ética e a honradez. Propónselles a participación nun debate	17	23	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Non é xusto! Respetamos aos animais?	para que reflexionen sobre as condutas xustas/inxustas en contextos próximos. Para afianzar os contidos traballados, van aprender a escribir un escrito formal de denuncia seguindo os pasos de planificación, redacción e revisión e, á súa vez, van adquirir habilidades que fomentan o desenvolvemento do pensamento crítico. Trabállanse igualmente os textos informativos como transmisores de información acerca dun tema do seu interese.	17	23	X		
3	Como é a túa localidade? Fas deporte nela?	Nesta unidade, o alumnado vai aprender a transmitir mensaxes a partir do deseño e a elaboración de medios comunicativos de diversa índole empleando tanto ferramentas tecnolóxicas como manuais. A temática principal, que se vai a interrelacionar cos contidos traballados na unidade, está relacionada coa reflexión sobre a vida en sociedade que se produce na súa localidade e a comparación con outras formas de vida como a práctica de deporte que favorece o desenvolvemento físico e emocional das persoas e é esencial que os nenos e nenas reflexionen sobre a importancia e os beneficios da súa práctica. Vanse traballar os textos biográficos, o de retrato vaise fomentar o desenvolvemento de actitudes e valores de igualdade de xénero a través do coñecemento da historia de mulleres relevantes neste campo. Á súa vez, vai incidirse na necesidade de facer unha criba coa información obtida de internet e as fontes de acceso	17	24		X	
4	Gústache a música?	Nesta unidade, ponse de manifesto a multidisciplinariedade da lingua e a literatura a través da súa vinculación coa música. Estes contidos, trabállanse desde un enfoque intercultural a partir da lectura dun texto narrativo sobre a música. Do mesmo modo, propónse a búsqueda e selección de información para acercarse e empaparse do rico mundo literario. De forma transversal vaise traballar outros contidos da lingua mantendo como eixo central este tema. Do mesmo modo, se enfatiza na necesidade de facer unha selección crítica e responsable da información obtida en internet.	17	23		X	
5	Que queres ser? Coidas a túa alimentación?	Preténdese reflexionar sobre as profesións, os cambios que sufriron ao longo da historia e a igualdade de xénero neste ámbito. Os alumnos e alumnas van	16	23			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Que queres ser? Coidas a túa alimentación?	replantearse as súas motivacións laborais e van coñecer os intereses dos demais. Tamén se propoñen nesta unidade a reflexión persoal sobre os hábitos e as pautas adecuadas para manter unha alimentación saudable. Se relaciona a temática da comida con diversos contidos da lingua coa intención de promover unha aprendizaxe significativa que os alumnos e alumnas poidan aplicar nun contexto real. Á súa vez, propóñense novas pautas para que aprenda a facer un uso de internet máis responsable e teña máis criterio á hora de compartir datos	16	23			X
6	Que valiente! De donde eres?	Nesta unidade didáctica, aproveitando o poder lingüístico que poseen os cómics, vanse propoñer unha serie de contidos para que confeccionen un correctamente e se vaian a transmitir valores vinculados coas fazañas realizadas por heroínas e heroes, grandes referentes para o noso alumnado. A súa vez, se vai dar prioridade a destacar, desde un enfoque multidisciplinar, a riqueza que posee a literatura para vinculala con ámbitos e elementos da nosa vida cotidiana: ocio e natureza. Na última unidade, se plantea o tema da diversidade cultural para que os alumnos e alumnas, ademais de participar en debates ou practicar a ortografía, desenvolvan un pensamento ético baseado no respecto e a empatía por outras culturas.	16	23			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Coidamos os mares? Por que imos ao colexio?	24

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal.	Valora e comprende o significado de textos adaptados á súa idade.	PE	70

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Identifica o contido e aspectos formais e non formais de textos adaptados á súa idade en función do propósito da lectura.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Escribe un breve texto instrutivo de forma comprensiva.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Escribe un breve texto instrutivo de forma comprensiva.		
CA6.3 - Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua de maneira acompañada, formulando hipóteses e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Elabora conclusións sobre textos sinxelos, tendo en conta a concordancia e as relacións de significado entre as palabras		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Escribe texto breve con acentuación correcta.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Reelabora cun vocabulario adecuado textos instrutivos lidos previamente .		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Amosa a mesma consideración polos compañeiros con lingua materna diferente.		
CA1.2 - Detectar, de xeito guiado, con autonomía crecente e en contextos próximos, prexuizos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo como unha fonte de riqueza cultural.	Valora a pluralidade lingüística	TI	30
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Recoñece na conversa o galego, o castelán e o inglés.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Trata con consideración a compañeiros e compañeiras con lingua ou cultura familiar diferente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Resume unha comunicación oral breve.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.	Intervén activamente en conversas de grupo reducido: escoita outras intervencións; manifesta opinión propia.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Aproveita o momento lector con regularidade. Resume oralmente un texto de aproximadamente 50 palabras lido en 60".		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica. - Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. - Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos. - Procesos: interacción oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, expoñer ideas. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados con respecto ás estratexias de cortesía lingüística. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. - Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet... - Xéneros discursivos - Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz. - Procesos: comprensión lectora - Lectura compartida e expresiva con entoación e ritmo progresivamente fluídos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de coñecemento progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos. - Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Procesos: produción escrita - Elaboración de textos, con presentación coidada e con intención comunicativa e creatividade. - Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos. - Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación. - Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación. - Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.

UD	Título da UD	Duración
2	Non é xusto! Respetamos aos animais?	23

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Identifica nun texto oído de 100/150 palabras o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas	PE	70
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal.	Leer texto escritos e identificar o seu sentido global e os datos fundamentais contidos neles		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Expresa valoración persoal sobre un texto escrito seleccionado por el/ela mesmo/a.		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Identifica palabra clave en textos breves.		
CA3.4 - Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Clasifica diferentes textos en función do contido e da presenza ou non de elementos paratextuais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Elabora un documento dixital con título, texto e imaxe, correctamente organizado.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Redacta textos escritos e multimodais con uso correcto e axeitado de adxectivos.		
CA6.3 - Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua de maneira acompañada, formulando hipóteses e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Enunciar normas básicas sinxelas para o uso correcto da linguaxe na produción de textos.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Reflexionar sobre os textos propios e alleos, mellorándoos e desenvolvendo o espírito crítico.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Iniciarse no coñecemento e aplicación das principais regras gramaticais e de ortografía		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, recoñecendo os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal guiada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Censurar os abusos e usos discriminatorios da linguaxe, tendo en conta a defensa da igualdade entre as persoas.		
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Expresa as súas ideas con claridade e vocabulario axeitado en situacións propostas na clase		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.	Expresa con claridade e vocabulario axeitado vivencias recentes.	TI	30
CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.	Conoce los distintos medios de comunicación		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado. Interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual.	Utiliza correctamente clasificación na biblioteca na busca de libros por temática.		
CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Elabora un documento orixinal a partir de dúas fontes documentais diferentes.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais.	Comunica e defende un texto multimodal elaborado a partir de información obtida noutros textos.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Recoñece as diferentes temáticas e a súa identificación e ubicación na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes. - Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos. - Procesos: interacción oral - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Procesos: comprensión oral - Estratexias de identificación e interpretación do sentido global, da información relevante e da integración da información explícita de textos sociais orais e multimodais. - Procesos: produción oral. - Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve.

Contidos

- Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía).
- Procesos: comprensión lectora
- Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo a forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Uso das bibliotecas de aula, do centro e as virtuais, mostrando coñecementos básicos da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades de corte literario. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais.
- Procesos: produción escrita
- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita.
- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
- Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información.
- Identificación e valoración crítica, de forma autónoma, das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos, coas convencións formais básicas.
- Síntese e reelaboración de coñecementos con apoio de modelos.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Mecanismos léxicos básicos para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
3	Como é a túa localidade? Fas deporte nela?	24

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal.	Ler textos escritos e identificar o sentido global e os datos fundamentais contidos neles	PE	70
CA3.4 - Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Analiza a métrica e a rima dun poema.		
CA5.7 - Producir, de maneira progresivamente autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Produce textos literarios expresando as súas emocións.		
CA5.8 - Recoñecer e interpretar recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñece algún recurso literario		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Escribe progresivamente sen faltas de ortografía, progresando nas normas gramaticais		
CA6.3 - Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua de maneira acompañada, formulando hipóteses e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Enunciar normas básicas sinxelas para o uso correcto da linguaxe na produción de textos.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece algunhas categorías gramaticais.	TI	30
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Recita poemas de maneira autónoma de xeito coherente.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes, compartindo a experiencia da lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e participando en comunidades lectoras no ámbito escolar.	Le poesía con correcta entoación e ritmo		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Expresa a súa valoración sobre poemas e cancións		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social.	Comparte a lectura a través de comunidades lectoras		
CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer e información.	Manifesta preferencias dentro do mundo da poesía		
CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.	Participa activamente en foros literarios		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	Emprega tono e actitude axeitadas nas representacións literarias lidas ou interpretadas.		
CA5.6 - escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira acompañada.	Expresa emocións coa lectura e audición de textos literarios poéticos e cancións, con relación ao seu contido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos. - Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Procesos: produción oral. - Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. - Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía).

Contidos

- Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada e con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Lectura progresivamente autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.
- Progreso na construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras de forma acompañada.
- Interpretación, progresivamente autónoma e compartida dos textos literarios a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar e social.
- Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.
- Creación de textos literarios de maneira libre e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados.
- Identificación de recursos literarios básicos.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.
- Mecanismos léxicos básicos para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
4	Gústache a música?	23

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal.	Ler textos escritos e identificar o sentido global e os datos fundamentais contidos neles	PE	70
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Respecta as diferentes opinións a través do pensamento crítico.		
CA5.9 - Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.	Coñece os diferentes tipos de textos literarios		
CA6.3 - Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua de maneira acompañada, formulando hipóteses e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Enunciar normas básicas sinxelas para o uso correcto da linguaxe na produción de textos.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Diferenza algunhas categorías gramaticais.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, recoñecendo os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal guiada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Participa nos debates con corrección e respecto polas opinións das demais persoas.	TI	30
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Expón as súas opinións de xeito fluído.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.	Participa na comunicación, respetando a quenda.		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.	Expresa coherentemente as súas opinións.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.	Escoita as opinións alleas.		
Ordenadores de sobremesa da aula de informática e táblets
Material funxible do alumnado: caderno, lápis, estoxo, goma...
Biblioteca do centro, cos seus fondos e recursos.
Biblioteca de aula, con libros de consulta e de ficción.
Radio escolar
Fontes documentais de internet

O equipo dixital do mestre será a súa principal ferramenta de traballo, complementada cos libros de texto, cadernos, fichas, láminas e xogos para realización de anotacións, exercicios, etc. A disposición da aula facilitará os agrupamentos para equipos de traballo, nos que utilizarán estes recursos básicos, así como a propia comunicación oral.

Outros espazos do centro diferentes á súa aula de titoría serán empregados con regularidade para o desenvolvemento curricular nesta área: programas de radio, representacións teatrais, producións audiovisuais...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No comezo de curso realizarase unha avaliación inicial para a que se adicarán dúas sesións , e que constará:

Revisión dos informes de fin de ciclo sobre cada un dos alumnos e alumnas. Tamén no seu caso, dos informes dos alumnos do D.O

Entrevista individual para observar o nivel de comprensión e expresión oral.

Reunión individual coas familias.

Realización dun texto ditado manuscrito, para avaliar a súa concentración e corrección escrita, incluída a ortográfica.

Redacción dun texto manuscrito descriptivo para avaliar a súa capacidade de redacción, a correcta separación de palabras e utilización de elementos prosódicos. Avaliarase tamén a correcta ortografía.

Valoración dun texto literario escrito, no que deberá definir o seu formato (prosa ou poesía), explicando as razóns, e expresando a idea principal do texto, así como algunha figura literaria empregada no mesmo.

Con esta información definirase o punto de partida para cada alumno nas unidades didácticas programadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	16	16	16	16	16	100
Proba escrita	70	70	70	72	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	28	30	30	30

Criterios de cualificación:

Con carácter xeral, determinaranse os criterios de cualificación en cada unidade didáctica, en función das porcentaxes asignadas. Haberá unha proba escrita nunha das últimas sesións de cada UD, cuxa nota acadará a porcentaxe correspondente.

As táboas de indicadores terán referencia a diferentes actuacións, relacionadas coa obtención de información sobre o grao de aprendizaxe adquirido. Así, terase en conta diariamente:

Tarefas realizadas en tempo.

Calidade dos traballos en función da idade, e tendo como mínimo o principio de claridade e corrección.

Participación activa e positiva nas tarefas colectivas.

Uso dunha linguaxe adecuada, e respectuosa coas diferencias.

Todos estes indicadores, sumarán puntuación ata acadar a porcentaxe correspondente :

Os criterios de cualificación serán:

- - 70% Proba escrita da unidade
- - 10% Táboa de Indicadores das actividades realizadas nos cadernos, fichas, dictados e exercicios de clase.
- -10% Táboa de Indicadores dos traballos e proxectos.
- - 10% Táboa de Indicadores da participación nas interaccións orais e da incorporación de extratexias de escoita activa, expresión oral do alumno e da súa coherencia na comunicación.

Ao final de cada trimestre, unha vez avaliadas as tres unidades didácticas, obterase a media das tres, e darán a nota da avaliación.

Criterios de recuperación:

Todo o alumnado que non acade unha cualificación positiva nalguna unidade didáctica, recibirá unha atención específica, incidindo nas cuestións que non foron adquiridas. Para iso contaremos co mestre/mestra en primeiro lugar, e na medida das dispoñibilidades asignadas pola Dirección, das horas de profesorado con dispoñibilidade horaria ou profesorado de PT/AL e da mestra de reforzo de PROA, de ser o caso. Terán unha organización de grupos de traballo, que permitan auto-xestionar a actividade un grupo de alumnos e alumnas, mentres outros poderán recibir axuda máis concreta.

No último período de curso, despois da última unidade didáctica , realizaranse actividades de carácter colectivo nas que poderán poñer en práctica o aprendido no curso, e servirán como recuperación nos casos que o precisen.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade levaranse en coordinación entre o equipo docente do alumnado, o Departamento de Orientación e o equipo directivo.

Para o tratamento da diversidade do alumnado no grupo teremos en conta:

> A dispoñibilidade de profesorado a maiores do titor, entendendo que dende a Xefatura de Estudos se poidan asignar horas de apoio doutro profesorado. Esta dispoñibilidade ven definida trimestralmente polas necesidades existentes en cada grupo. Contando con horario dispoñible, este aproveitarase para reforzar aspectos nos que presentan dificultades os alumnos e alumnas que así o evidenciaron na avaliación.

> O profesorado especialista de PT ou AL e de PROA, de ser o caso, sempre en colaboración co Departamento de Orientación.

> O modelo de traballo por equipos de maneira colaborativa permite asignar funcións acordes coas capacidades de cada quen, fomentando a formación entre iguais, pola que os máis capaces axudan aos que teñan dificultades.

> O docente, nas actividades de grupos, prestará especial atención ao alumnado con máis dificultades. Igualmente a titora deseñará as actividades específicas para o alumno con A.C e adaptará as demais actividades para o alumno e os demais nenos e nenas con neae, intentando en todo momento a súa máxima integración e participación nas dinámicas da aula. Manteremos reunións periódicas cos mestres de PT, AL e PROA de ser o caso e orientadora para avaliar os avances e grao de consecución dos obxectivos destes alumnos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Emprendemento	X			X	X	
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible		X		X	X	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual)	X			X		
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X		

Observacións:

A área de Lingua Galega e Literatura integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos transversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas, sendo máis patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Apadrinamento lector	Apadrinamento lector de un alumno de ciclos anteriores para lecturas orais e preparación de actividades relacionadas coas mesmas.		X	X
Participación na elaboración da revista escolar	Redacción de textos e noticias sobre as diferentes actividades complementarias realizadas ao longo deste curso.	X	X	X
Conmemoracións	Celebración das conmemoracións incluídas na PXA	X	X	X
Festividades	Celebración das festividades tradicionais de ciclo anual	X	X	X
Saídas didácticas	Participación nas saídas didácticas organizadas	X	X	X
Outras actividades	Participación noutro tipo de actividades coma obradoiros, charlas...	X	X	X

Observacións:

Realizaranse estas actividades, así como a participación nas propostas dende a biblioteca do centro, con repercusión na totalidade do alumnado do centro, e proxección a toda a comunidade educativa.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Se tiveron en conta aos nenos/as con n.e.a.e. Á hora de planificar os obxectivos e as actividades.
Metodoloxía empregada
Grao de participación do alumnado nas actividades voluntarias
Integración activa nas actividades grupais da totalidade do alumnado
Nivel de intervención activa do alumnado en debates
Grao de motivación continuada do alumnado
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos foron suficientes e adaptados á diversidade do alumnado.

Medidas de atención á diversidade
Diversidade de propostas e tarefas para poder ter activa a totalidade do alumnado, en concordancia coa súa capacidade e potencialidade
Integración do alumnado con NEAE nas actividades de clase, con ou sen apoios de profesorado complementario.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Grao de coordinación entre os docentes do nivel
Grao de coñecemento e participación das familias no proceso de aprendizaxe do alumno e alumna
Colaboración e implicación dos distintos membros da Comunidade Educativa.

Descrición:

.O deseño das programacións deberá ter en conta o curriculum LOMLOE da área, así como todas as circunstancias específicas do alumnado dos dous grupos. Isto require unha perfecta coordinación entre as dúas mestras/mestres do nivel, coordinación que se manterá durante todo o curso, e que permitirá realizar actividades complementarias e curriculares de forma conxunta.

No desenvolvemento das unidades didácticas teremos en conta as circunstancias específicas da nosa área:

>Carácter instrumental, con presenza nas demais áreas curriculares.

>Progresividade nas aprendizaxes, e enriquecemento continuo do coñecemento e das competencias relacionadas.

Deste xeito, a valoración dos logros adquiridos dependerá dos seguintes aspectos:

>Deseño curricular axeitado na dificultade e na significación.

>Grao de adquisición de competencias na área.

>Deseño claro de obxectivos, con definición clara de contidos.

>Deseño claro de criterio de avaliación que perfile con claridade os mínimos esixidos.

>Metodoloxía preferentemente activa e con motivación para o alumnado.

>Recursos didácticos ben seleccionados e axeitados.

>Avaliación continua do proceso para adoptar as correccións que se precisen con rapidez.

>Deseño específico de actividades que permitan un equilibrio entre as expectativas de aprendizaxe e os límites individuais dos diferentes alumnos e alumnas, evitando frustracións e desconexión do proceso.

>Grao de conexión cos titores e titoras legais do alumnado, mantendo unha información fluída sobre o grupo, e titorías regulares de carácter individual.

>Igualmente, o nivel de satisfacción coa práctica docente por parte do alumnado, necesario para un desenvolvemento eficaz do proceso educativo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O deseño curricular da área no comezo de curso realizarase en función da normativa e dos resultados da avaliación inicial dos do grupo, que condicionará as actuacións dende o principio.

Esta programación modificarase ao longo do curso segundo as necesidades educativas dos/as alumnos/as, ampliando, modificando ou suprimindo o que se considere preciso en cada momento.

Os procedementos para avaliar a nosa programación basearanse na:

Observación directa da adecuación da programación ao 5º curso, en canto a obxectivos propostos, metodoloxía, criterios de avaliación, etc.

Observación da adecuación da programación ao centro e a aula, segundo as características do contorno en xeral e do alumnado do 5º curso en particular.

Observar se establece unha boa ligazón coas competencias básicas. Ao falar de competencias básicas falamos dun proceso de aprendizaxes globais que comprenden o desenvolvemento de capacidades, máis que a exclusiva adquisición de contidos. A corrente das competencias básicas implica a búsqueda daquello que é esencial para ser aprendido.

Observación e anotacións sobre a adecuación das accións de contribución da programación cos diferentes proxectos do centro (TIC; Proxecto lector, Plan de Convivencia, Proxecto de Fomento do Uso do Galego, Proxecto lingüístico...)

Informes escritos e observación directa das medidas de atención a diversidade (permanentes ou temporais) que se levan a cabo ao longo do curso.

Informes escritos, tanto de anotacións que se levan a cabo na aula diariamente, como de reunións entre os diferentes profesionais que imparten clases no ciclo, para establecer a adecuación da programación e cambiar o que sexa preciso en cada momento, co fin de optimizar o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.

Con cada período de avaliación haberá un informe sobre este proceso na área, que se remitirá á Xefatura de Estudos, para elaborar un informe global sobre o proceso educativo en tódalas áreas e niveis. Este informe marcará as liñas xerais para o seguinte trimestre ou curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019104	CEIP Plurilingüe Nantes	Sanxenxo	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	5º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	29
4.2. Materiais e recursos didácticos	30
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	30
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	31
6. Medidas de atención á diversidade	32
7.1. Concreción dos elementos transversais	32
7.2. Actividades complementarias	34
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	34
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	35
9. Outros apartados	36

1. Introducción

O currículo vixente na área de matemáticas determina unha liña de traballo baseada na comprensión conceptual e dos procedementos a través da manipulación e a experimentación que será respectada e concretada nesta programación.

Esta área, aínda que traballa todas as competencias, esta integrada na Competencia STEM (Matemática, Ciencia, Tecnología e Ingeniería). Para desenvolver esta competencia matemática faise necesario traballar os números, as medidas e as estruturas, así como as operacións e as representacións matemáticas; e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos. Coñecemento necesario para poder analizar problemas e datos, chegar ás propias conclusións e reflexionar sobre os procesos necesarios para defendelas.

Nesta liña e, seguindo as liñas pedagóxicas do centro e o claustro; propónse unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

Este curso escolar cóntase cun grupo de 11 alumnos e alumnas cuxas competencias e habilidades referidas a esta área se valoraran na avaliación inicial. No obstante, adiantanse como necesidades previsibles:

- Acadar ferramentas organizativas e destrezas que conleven unha maior eficacia na distribución do tempo e do traballo e que permitan rentabilizar esforzo e dedicación mellorando resultados.

- Reforzar os procesos de pensamento e as estratexias de aprendizaxe; fomentando a reflexión e a creatividade na busca de solucións a partir dos recursos adquiridos.

- Mellorar a visión do erro como punto de inflexión para o aprendizaxe e non como motivo de fracaso.

Neste curso escolar, a titora non impartirá esta área por axustes de horario derivados doutras obrigas relacionadas co seu traballo de dirección do centro. Faráse cargo desta tarefa unha mestre especialista.

Propoñemos unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

Ao longo do curso académico se traballarán de forma intradisciplinar os seis bloques de contidos que forman a materia de matemáticas, o bloque número 1, "Sentido numérico"; o bloque número 2, "Sentido da medida"; o bloque número 3, "Sentido espacial"; o bloque número 4, "Sentido alxebraico e pensamento computacional"; o bloque número 5, "Sentido estocástico"; e o bloque número 6 "Sentido socioemocional".

Así, o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes necesarios para aplicar a perspectiva e o razoamento matemático no plantexamento dunha situación-problema próxima ao contexto cotiá, seleccionar ferramentas axeitadas para a resolución, interpretar as solucións en diferentes contextos e tomar decisións estratéxicas.

Todo isto levarase a cabo nas 12 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando catro unidades en cada trimestre, tal e como se especifica no punto 3.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrita, gráfica, multimodal e a terminoloxía matemática apropiadas, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas	1-3		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os números naturais	Nesta primeira proposta partimos do concepto de número e cantidade para familiarizarnos co seu uso e aplicación en situacións cotiás e na resolución de problemas.	9	12	X		
2	A multiplicación e as potencias	Esta segunda proposta As nenas e nenos teñen a oportunidade de reflexionar sobre as súas propias experiencias e aplicar de maneira práctica os coñecementos adquiridos na unidade sobre a propiedade distributiva e as operacións combinadas.	8	12	X		
3	A división, múltiplos e divisores	La unidade parte dos datos e as cuestións ofrecidas na lámina inicial a partir da seguinte pregunta: ¿cantos somos en Primaria? NEesta ocasión, se coloca ao alumnado no seu contexto máis cercano, o seu colexio, para motivar os cálculos sobre o número de estudantes e sobre o número de centros educativos na súa comunidade autónoma.	9	12	X		
4	O sistema sesaxesimal	Plantéxanse cuestión sobre o tempo que se dedica ás actividades rutinarias: as tarefas domésticas, o deporte e o coidado doutras persoas. Desde esta perspectiva se invita ao alumnado a reflexionar sobre o seu propio uso do tempo e a comparalo cos datos dos gráficos iniciais, donde se expresan ass porcentaxes de tempo empleado por homes e mulleres en tarefas de coidado: voluntariado, tarefas domésticas, etc. Desta forma, este contexto pon de manifesto que as matemáticas ofrecen un gran número de recursos para comprender e interpretar situacións da vida cotidiana e das súas implicacións na vida personal.	8	11	X		
5	Os números decimais	Nesta unidade comézase coa cuestión da páxina inicial: ¿practicamos deporte? Incentívase ao grupo a plantexar e responder preguntas relacionadas co tempo que dedican a practicar actividade física e a comparar os seus hábitos cos dos demais. A partir da interpretación da información dada e a execución dos cálculos pertinentes, ofréceselles ae oportunidade de reflexionar sobrea importancia de practicar deporte incidindo na frecuencia e a práctica coa que as realizan os alumnos.	9	12		X	
6	Operacións con numeros decimais	Nesta unidade, a situación de aprendizaxe volve poñer o foco no coidado e a	8	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Operacións con números decimais	protección do medio. Se señala o valor das fontes de enerxía renovables. As cuestións e plantexamentos proporcionados conectan coa pregunta da lámina inicial sobre o uso de enerxías limpias en Europa. Desta maneira o alumnado pode reflexionar sobre o propio consumo enerxético e compararlo con datos locais e globais.	8	12		X	
7	As fraccións, suma e resta.	Nesta unidade se parte de invitar a reflexionar sobre o número de habitantes en municipios e comunidades, e sobre as causas e consecuencias do seu aumento ou diminución. Se abordan cuestións demográficas poñendo de relevo as diferencias de crecemento entre vilas e cidades en España.	8	12		X	
8	As fraccións, comparación	A unidade parte da pregunta inicial : ¿que animais están en perigo de extinción? Subliñase a importancia do coidado e o respecto hacia o entorno natural e hacia os animais, motivando reflexións sobre as especies en perigo de extinción e sobre como axudaras e protexelas. Esta situación vaille permitir ao alumnado contextualizar as matemáticas e, a súa vez, fomentará a práctica con fraccións para resolver cuestións cotidianas.	8	11		X	
9	Probabilidade e estatística	Nesta unidade se pon de manifesto o desperdicio anual de comida, as súas causas e as súas consecuencias, e ofrece propostas para evitalo. O alumnado poderá reflexionar sobre a cantidade de comida que se desperdicia na propia casa e comparala coa dos datos ofrecidos nos gráficos iniciais, a partir dos cales realizarán inferencias propias.	8	12			X
10	As unidades de medida	Incidirase nos hábitos de alimentación saudable proporcionando a reflexión sobre os propios hábitos do alumnado. Nela se explica a dieta mediterránea e atlántica , se observan os datos sobre os alimentos que se consomen en España e Galicia, se realiza una comparación entre o consumo anual e eo recomendado, xerando sinerxias para fomentar a motivación e o interese do alumnado por unha alimentación sana.	9	12			X
11	Áreas de figuras planas	Colócase ao alumnado no seu entorno máis cercano, o seu fogar. Axúdalle a plantexarse cuestións sobre cómo é a súa casa, as persoas que a habitan, o espazo que teñen ou como son outras casas . O grupo deberá observar os datos sobre as características e os tamaños das vivendas nas diferentes comunidades, e extraer	8	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
11	Áreas de figuras planas	conclusiones deles. De cara a esta reflexión, se traballan os conceptos de medida e lonxitude e as áreas das figuras planas.	8	11			X
12	As figuras xeométricas	A unidade parte de plantearse e formular cuestións relacionadas desde o inicio sobre cómo gastamos os cartos. Se plantea unha situación de xogos e actividades diversas en grupo; se incide na diferenciación entre necesidade e luxo, e, neste sentido, se invita a reflexión sobre a importancia e o valor do aforro, do control do gasto persoal e do consumo responsable. Se extraen conclusións, relacionándoas e aplicando os coñecementos adquiridos sobre as figuras xeométricas.	8	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os números naturais	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender problemas da vida cotiá a través da reformulación da pregunta, de forma verbal e gráfica.	Comprender problemas da vida cotiá a través da reformulación da pregunta	PE	70
CA1.3 - Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema		
CA1.4 - Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	Obter a solución a un problema seleccionando algunha estratexia de forma autónoma		
CA1.9 - Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	Utilizar unha linguaxe matemática adecuada.		
CA1.1 - Elixir actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como a perseveranza e a responsabilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Elixir actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como a perseveranza e a responsabilidade	TI	30
CA1.8 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	Resolver un problema en un contexto no matemático		
CA6.1 - Autorregular as emocións propias e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades, desenvolvendo así a autoconfianza ao abordar novos retos matemáticos.	Recoñecer fortalezas e debilidades desenvolvendo a autoconfianza		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Contaxe

- Estratexias para contar e recontar istematicamente e a súa adaptación do cálculo ao tamaño dos números a partir da manipulación e representación en situacións variadas e cotiás con cantidades ata o 999.999 con explicación, comparación e reflexión sobre as estratexias e os procesos seguidos.
- Realización de series ascendentes e descendentes como elemento facilitador do cálculo mental e aceptación do erro como unha oportunidade de aprendizaxe.

- Cantidade

- Lectura, escritura, ordenación e representación con materiais manipulativos e a recta numérica de números naturais ata o 999.999 e decimais ata as centésimas.
- Identificación, lectura, escritura, ordenación e representación de números enteiros en textos e contextos familiares e habituais.
- Composición, descomposición e recomposición manipulativa, gráfica e simbólica de números naturais ata 999.999 e decimais ata as centésimas investigando propiedades e relacións, con explicación do proceso e interpretación do valor posicional das cifras.
- Estimacións, aproximacións razoadas e redondeo de cantidades con números ata o 999.999 e decimais (ata as centésimas) en problemas cotiás resoltos con estratexias diversas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.

- Sentido das operacións

- Estratexias de cálculo mental para resolver operacións con números naturais, fraccións e decimais en situacións habituais e significativas, explicación das estratexias e os procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade para a aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración.
- Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración, expresión da solución de forma clara, ordenada e coas unidades correctas, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos con explicitación do proceso seguido.
- Construción manipulativa e gráfica de cadrados como produto de factores iguais, investigando patróns e propiedades, como introdución ás potencias e medidas de superficie.

- Relacións

- Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (naturais ata o 999 999 e decimais ata a centésima) e as súas equivalencias; aplicación nas relacións que xera nas operacións.

- Crenzas, actitudes e emocións.

- Autorregulación das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas.

- O reforzo verbal, a participación, a gradación das dificultades e a identificación de fortalezas como recursos para desenvolver un autoconcepto positivo ante as matemáticas desde unha perspectiva de xénero.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital e físico como adestramento da perseveranza, a confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, desafíos, procura de pistas, xeroglíficos, xogos de codificación e decodificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, o descubrimento, a curiosidade e o gusto polas matemáticas.
- Estratexias persoais para a presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, adaptar ou cambiar o sistema utilizado, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir comprensiblemente o realizado.
- Fomento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, desenvolvendo a capacidade de adaptarse ou cambiar de estratexias, estimulando o razoamento, con valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe e reforzo dos logros.

- Traballo en equipo, inclusión, respecto e diversidade

UD	Título da UD	Duración
2	A multiplicación e as potencias	12

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender problemas da vida cotiá a través da reformulación da pregunta, de forma verbal e gráfica.	Reformular preguntas de forma verbal o gráfica	PE	70
CA1.3 - Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema		
CA1.4 - Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	Obter algunha solución dun problema, seleccionando algunha estratexia		
CA1.9 - Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	Comunicar conxecturas utilizando unha linguaxe matemática adecuada		
CA1.1 - Elixir actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como a perseveranza e a responsabilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Elixir unha actitude positiva valorando o erro como oportunidade de aprendizaxe.	TI	30
CA1.5 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Formular algunha conxectura matemática de forma guiada		
CA6.1 - Autorregular as emocións propias e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades, desenvolvendo así a autoconfianza ao abordar novos retos matemáticos.	Autorregular emoción recoñecendo fortalezas e debilidades.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contaxe - Cantidade - Composición, descomposición e recomposición manipulativa, gráfica e simbólica de números naturais ata 999.999 e decimais ata as centésimas investigando propiedades e relacións, con explicación do proceso e interpretación do valor posicional das cifras. - Estimacións, aproximacións razoadas e redondeo de cantidades con números ata o 999.999 e decimais (ata as centésimas) en problemas cotiáns resoltos con estratexias diversas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Sentido das operacións - Estratexias de cálculo mental para resolver operacións con números naturais, fraccións e decimais en situacións habituais e significativas, explicación das estratexias e os procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade para a aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración. - Resolución de problemas contextualizados que impliquen a comprensión da utilidade das operacións aritméticas con números naturais, decimais e fraccións e o seu uso con flexibilidade e sentido, seguindo os procesos adecuados.

Contidos

- Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración, expresión da solución de forma clara, ordenada e coas unidades correctas, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos con explicitación do proceso seguido.
- Resolución de problemas contextualizados con operacións aritméticas combinadas (con números naturais, decimais e fraccións) con atención á súa xerarquía, aplicando as súas propiedades, as estratexias con flexibilidade e sentido e os procedementos de cálculo mental, estimacións, algoritmos ou calculadora que se precisen segundo a natureza do cálculo e a súa complexidade.
- Creación e formulación de problemas que se resolvan mediante operacións aritméticas (con números naturais, fraccións e decimais) baseados en situacións familiares e cotiás que permitan establecer conexións con experiencias propias.
- Uso de calculadora como recurso para a autocorrección de resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso, para a investigación de patróns e propiedades numéricas e como procedemento útil en cálculos complexos.
- Construción manipulativa e gráfica de cadrados como produto de factores iguais, investigando patróns e propiedades, como introdución ás potencias e medidas de superficie.
- Relacións
- Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (naturais ata o 999 999 e decimais ata a centésima) e as súas equivalencias; aplicación nas relacións que xera nas operacións.
- Comparación e ordenación de números naturais, decimais e fraccións con igual denominador como solución de problemas de situacións cotiás, con interpretación e expresión do resultado exacto ou estimado da comparación e uso adecuado da simboloxía das relacións numéricas.
- Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre as operacións aritméticas de suma e multiplicación, suma e resta, resta e división, multiplicación e división, fracción e división; aplicación en contextos cotiás.
- Construción manipulativa e gráfica con pezas de construción, regras, cuadrículas, tramas de puntos e de múltiplos e divisores para investigar a relación de divisibilidade. Utilización da táboa de multiplicar para identificar múltiplos e divisores e a relación entre eles.
- Investigación e comprobación da relación entre fraccións sinxelas (metade, cuarto, décimo), decimais (0,5, 0,25, 0,10) e porcentaxes (50 %, 25 % e 10 %) en situacións cotiás.
- Razoamento proporcional
- Resolución de problemas da vida cotiá seguindo os procesos e as estratexias adecuadas, que impliquen o uso de porcentaxes: rebaixas, contidos nos alimentos envasados, análise deportiva, votacións...
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Autorregulación das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas.
- O reforzo verbal, a participación, a gradación das dificultades e a identificación de fortalezas como recursos para desenvolver un autoconcepto positivo ante as matemáticas desde unha perspectiva de xénero.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital e físico como adestramento da perseveranza, a confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, desafíos, procura de pistas, xeroglíficos, xogos de codificación e decodificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, o descubrimento, a curiosidade e o gusto polas matemáticas.
- Estratexias persoais para a presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, adaptar ou cambiar o sistema utilizado, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir comprensiblemente o realizado.
- Fomento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, desenvolvendo a capacidade de adaptarse ou cambiar de estratexias, estimulando o razoamento, con valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe e reforzo dos logros.

Contidos
- Traballo en equipo, inclusión, respecto e diversidade

UD	Título da UD	Duración
3	A división, múltiplos e divisores	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender problemas da vida cotiá a través da reformulación da pregunta, de forma verbal e gráfica.	Reformular el problema de forma verbal o gráfica.	PE	70
CA1.9 - Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	Utilizar unha linguaxe matemática adecuada.		
CA4.3 - Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	Seleccionar alguna estratexia para resolver un problema		
CA4.8 - Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios.	Conectar algún elemento matemático a partir de coñecementos ou experiencias anteriores.	TI	30
CA1.1 - Elixir actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como a perseveranza e a responsabilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Elixir unha actitude positiva ante os novos retos matemáticos.		
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na investigación e resolución de problemas.	Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na investigación e resolución de problemas.		
CA4.5 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Formular algunha conxectura matemática de forma guiada.		
CA6.3 - Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar en equipo con iniciativa, de forma activa e responsable. Establecer relacións baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Contaxe
- Estratexias para contar e recontar istematicamente e a súa adaptación do cálculo ao tamaño dos números a partir da manipulación e representación en situacións variadas e cotiás con cantidades ata o 999.999 con explicación, comparación e reflexión sobre as estratexias e os procesos seguidos.
- Cantidade
- Lectura, escritura, ordenación e representación con materiais manipulativos e a recta numérica de números naturais ata o 999.999 e decimais ata as centésimas.

Contidos

- Composición, descomposición e recomposición manipulativa, gráfica e simbólica de números naturais ata 999.999 e decimais ata as centésimas investigando propiedades e relacións, con explicación do proceso e interpretación do valor posicional das cifras.
- Sentido das operacións
- Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración, expresión da solución de forma clara, ordenada e coas unidades correctas, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos con explicitación do proceso seguido.
- Resolución de problemas contextualizados con operacións aritméticas combinadas (con números naturais, decimais e fraccións) con atención á súa xerarquía, aplicando as súas propiedades, as estratexias con flexibilidade e sentido e os procedementos de cálculo mental, estimacións, algoritmos ou calculadora que se precisen segundo a natureza do cálculo e a súa complexidade.
- Creación e formulación de problemas que se resolvan mediante operacións aritméticas (con números naturais, fraccións e decimais) baseados en situacións familiares e cotiás que permitan establecer conexións con experiencias propias.
- Relacións
- Construción manipulativa e gráfica con pezas de construción, regras, cuadrículas, tramas de puntos e divisores para investigar a relación de divisibilidade. Utilización da táboa de multiplicar para identificar múltiplos e divisores e a relación entre eles.
- Padróns
- Estratexias para a identificación, descrición verbal, representación en táboas e gráficos, notacións inventadas, predición razoada e creación de termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes, con anticipación ou extensión da secuencia.
- Modelo matemático
- Resolución de problemas da vida cotiá seguindo un modelo matemático con representacións con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para a interpretación do enunciado, recoñecemento de datos útiles, elaboración e contraste de hipóteses, procura do plan de acción, perseveranza na solución, simbolización e realización dos cálculos, comprobación de solucións, expresión clara e correctado resultado, revisión da súa idoneidade, rectificación, se é necesaria, e explicación do realizado.
- Relacións e funcións
- Comparación de números, operacións e as súas propiedades con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e uso adecuado da simboloxía ($=$, $?$, $>$,
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Recursos e estratexias para autorregular as emocións implicadas na frustración ante tarefas matemáticas, valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe, fixación de metas e obxectivos realistas e alcanzables, autocontrol e adestramento positivo.
- Estratexias para desenvolver a autoestima como medio para superar dificultades e afrontar os retos matemáticos con maior seguridade.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital e físico como adestramento da perseveranza, a confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, desafíos, procura de pistas, xeroglíficos, xogos de codificación e decodificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, o descubrimento, a curiosidade e o gusto polas matemáticas.
- Estratexias persoais para a presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, adaptar ou cambiar o sistema utilizado, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir comprensiblemente o realizado.
- Fomento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, desenvolvendo a capacidade de adaptarse ou cambiar de estratexias,

Contidos

- estimulando o razoamento, con valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe e reforzo dos logros.
- Traballo en equipo, inclusión, respecto e diversidade

UD	Título da UD	Duración
4	O sistema sesaxesimal	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	Seleccionar alguna estratexia para resolver un problema	PE	70
CA2.4 - Comprobar a corrección matemática das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	Comprobar a corrección e a coherencia da solución dun problema.		
CA2.5 - Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios.	Conectar algún elemento matemático a partir de coñecementos ou experiencias anteriores.		
CA2.6 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	Resolver problemas en contextos non matemáticos a partir dos coñecementos adquiridos.	TI	30
CA6.1 - Autorregular as emocións propias e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades, desenvolvendo así a autoconfianza ao abordar novos retos matemáticos.	Autorregular as emocións e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades para mellorar a autoconfianza.		
CA6.2 - Elixir actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como a perseveranza e a responsabilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Elixir unha actitude positiva ante os novos retos matemáticos.		
CA6.5 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Formular algunha conxectura matemática de forma guiada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Magnitude
- Recoñecemento, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do sistema métrico decimal (lonxitude, masa, capacidade e superficie), do tempo, da temperatura e de ángulos (graos) en situacións habituais e da súa contorna; elección da medida máis adecuada en cada situación.
- Medición
- Resolución de problemas, de forma individual e en equipo, que impliquen a realización de medicións (lonxitude, masa, capacidade, tempo e ángulos) no contexto escolar: selección e uso do instrumento adecuado (analóxicos ou dixitais), elección das unidades máis apropiadas ao contexto e tamaño, coñecemento das equivalencias entre medidas e medición precisa seguindo os procesos adecuados.
- Estimación e relacións

Contidos

- Estratexias de comparación e ordenación de medidas da mesma magnitude e aplicación de equivalencias entre unidades para resolver problemas da vida cotiá que impliquen a conversión de unidades.
- Estratexias para a estimación de medidas do sistema métrico decimal, de ángulos, tempo e temperatura por comparación con unidades de medida coñecidas e a súa aplicación en contextos habituais, con verificación dos resultados, comprobación de se son posibles ou non e análises da desviación como parte do proceso de aprendizaxe.
- Interiorización de medidas de tempo na xestión das emocións, vivencia do tempo de espera, o tempo de calma, as quendas de intervención, a percepción emocional do tempo e na planificación do traballo e nas secuencias temporais das súas producións orais e escritas.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Recursos e estratexias para autorregular as emocións implicadas na frustración ante tarefas matemáticas, valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe, fixación de metas e obxectivos realistas e alcanzables, autocontrol e adestramento positivo.
- Estratexias para desenvolver a autoestima como medio para superar dificultades e afrontar os retos matemáticos con maior seguridade.
- Realización de investigacións matemáticas individuais ou en equipo para fomentar a curiosidade, o interese, o pensamento autónomo e crítico e a iniciativa na súa aprendizaxe.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital e físico como adestramento da perseveranza, a confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, desafíos, procura de pistas, xeroglíficos, xogos de codificación e decodificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, o descubrimento, a curiosidade e o gusto polas matemáticas.
- Estratexias persoais para a presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, adaptar ou cambiar o sistema utilizado, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir comprensiblemente o realizado.
- Fomento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, desenvolvendo a capacidade de adaptarse ou cambiar de estratexias, estimulando o razoamento, con valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe e reforzo dos logros.
- Traballo en equipo, inclusión, respecto e diversidade
A interacción é fundamental na aprendizaxe das matemáticas. As estruturas, estratexias e dinámicas de aprendizaxe cooperativa propician a resolución conxunta de tarefas e problemas, potencian a atención á diversidade, a inclusión, a igualdade e, en definitiva, a convivencia. As propostas en equipo brindan a oportunidade de intercambio entre o alumnado, permiten a diversidade de ideas e propostas, favorecen clarificar tarefas, discutir plans, chegar a acordos e consensos, analizar producións... Promoven reflexionar e compartir diferentes maneiras de resolver permitindo aproximarse cada vez máis a un proceso eficaz.

A vivencia, manipulación, representación e abstracción son procesos imprescindibles en calquera situación de aprendizaxe; van poñerse en marcha nas situacións arriba sinaladas, situacións contextualizadas, cheas de sentido nas que están presente a exploración e a investigación e nas que é imprescindible responder a unha pregunta, solucionar un reto, lograr unha construción, representar unha vivencia, resolver problemas...

Un problema supón un desafío. A búsqueda dunha solución conleva, xunto ás destrezas emocionais e os coñecementos previos, investigación, selección de ferramentas e recursos, análise...

A resolución dun problema iniciase cunha voa lectura do mesmo e non remata, despois da recopilación de datos, análise, reflexión e descubrimento... ata que se expoñen as conclusións de forma axeitada e ben expresada.

O profesorado vai ser mediador e guía; facilitando a exploración e investigación, fomentando a interacción; animando, alientando a superar dificultades, fomentando a apertura a novos retos. Favorecento o desenvolvemento competencial e atendendo á diversidade socioemocional e de aprendizaxe.

Sera importante fixar hábitos de traballo: organizar o traballo e o tempo, ter á man o material necesario ...; promover a colaboración e favorecer o crecemento persoal e como grupo.

a) Espazos:

- Aula de clase organizada por grupos atendendo a tarefa a realizar.
- Aula informática, Aula virtual.. para todos aqueles traballos que precisen ordenador.
- Biblioteca. robotica, aula STEM para as actividades de consulta e manipulativas...
- utros espazos segundo a tarefa a realizar.

b) Organización dos tempos e secuencia proposta

- Os tempos e a secuencia veñen marcados polo proxecto da editorial e o libro de texto.
- Se procurará de forma progresiva, crear situación que permitan ao alumnado crecer en autonomía, aprender a xestionar o tempo, asumir responsabilidades... Fomentando o pensamento lóxico-matemático e o interese polos procesos de razonamento.

c) Material manipulativo:

- Seguindo a secuencia de: presentar o material, contacto, experimentación... o seu uso serve para favorecer a comprensión dos distintos conceptos matemáticos.

- Fomentar a autoavaliación e coevaluación como parte integrante do proceso de mellora: Dificultades, Causas a mellorar; atascos e retos; tanto persoais como do grupo...

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material manipulativo convencional: tangram, policubos, regletas, base dez, bloques lóxicos, pezas de construción, corpos xeométricos, kataminos, contas de madeira...
Material de medidas convencionais: balanzas, básculas, pesas, metros, cintas métricas, recipientes de capacidade, reloxos analóxicos, dixitais e de area.
Material de refugallo: botellas, caixas, envases de produtos do supermercado, teas, fios, lás, ...
Material de debuxo: regra, escuadra, cartabón e compás.
Cartos: moedas e billetes.
Recursos tecnolóxicos e dixitais: calculadora, robot, tablet....

O currículo da área de matemáticas fai numerosas referencias á manipulación e ao emprego de material para favorecer a comprensión dos distintos contidos que veñen reflectidos nel, polo tanto, o propio texto xa nos dá unha idea dos que deben ser empregados.

Nesta programación fórmulase a clasificación anterior que pretende organizar os distintos recursos e materiais que empregaremos, se ben non pode ser considerada unha lista pechada, xa que ao longo do curso poden ser incorporados outros recursos ou materiais que faciliten a aprendizaxe. Calquera material ou recurso do que se poda dispor será admitido como recurso sempre que faga accesibles e que faciliten a aprendizaxe.

É preciso puntualizar que o emprego de material non é un fin en si mesmo e non garante a consecución dos obxectivos,

O emprego do material require dunhas pautas para o seu uso e conservación, deberán ser asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa, se ben o reparto e recollida do mesmo estará incluído dentro dos roles dos equipos de traballo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación é un proceso de toma de decisións durante o cal se recolle información, debe formar parte dos procesos de aprendizaxe e ensino e ser reguladora e autorreguladora da aprendizaxe.

Neste senso a avaliación inicial debe recoller información relevante do alumnado para poder axustar e desenvolver a programación acorde coas súas características, unha aprendizaxe matemática significativa e unha contribución adecuada ao desenvolvemento das competencias. Nesta área, esta avaliación inicial deberá permitir obter información sobre o desenvolvemento da capacidade do alumnado para actuar en situacións matemáticas diversas poñendo en funcionamento coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes.

A avaliación inicial debe ter dous grandes momentos: un a comezo de curso e outro ao comezo de cada unidade.

Ao comezo de curso é moi importante para definir cal será o proceso educativo que programaremos e desenvolveremos nesa aula en concreto. A recollida de información é un paso fundamental, pois, en función deses datos tomaranse unhas decisións ou outras.

Cómpre saber que sabe e sabe facer o alumnado, mais tamén a súa motivación, a atención, os intereses, o estilo de aprendizaxe, o modo de aproximación aos recursos, as emocións ante as matemáticas, como traballa en equipo (aceptación de roles, participación, responsabilidade, resolución de conflitos, ...).

Así, a avaliación inicial ao comezo de curso terá unhas funcións concretas:

- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, posibilidades de interacción con outros grupos, coordinación, medidas de atención, métodos,...
- Obter datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.
- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron

deficitarios

- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

Ao comezo de cada unidade ou proposta de traballo haberá de realizarse unha avaliación inicial durante a cal serán detectadas as ideas, as crenzas, as actitudes, os coñecementos, o control dos procesos matemáticos previos, ... de cara a establecer un adecuado proceso de aprendizaxe significativa.

No proceso de recollida de información e a súa triangulación (entre instrumentos, momentos e/ou persoas), sexa cal sexa o tipo de avaliación inicial que abordemos, contarase con diferentes e variados instrumentos, situacións e procedementos para poder atender á diversidade sen priorizar nunca unha única opción. Usaranse procedementos como a observación, análise de producións do alumnado, intercambios orais-debates-entrevistas, probas escritas e cuestionarios. Respecto dos instrumentos empregaranse os de rexistro (listas de cotexo, listas de control, escadas de valoración, diarios, anecdotarios, rexistro de incidencias,...) e outros que permitan indicar os item ou aspectos a ter presentes xunto coa súa valoración (rúbricas e guías de observación). Tamén se terán en conta datos procedentes de autoavaliación e a coavaliación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	9	8	9	8	9	8	8	8	8	9
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	100
Proba escrita	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación da área de matemáticas de cada unha das avaliacións parciais e da avaliación final ordinaria son os que se indican nas táboas anteriores. Hai que ter en conta o indicado respecto das avaliacións parciais suspensas no apartado criterios de recuperación deste mesmo epígrafe.

Aínda que o peso ven dado polos criterios de avaliación anteriormente determinados. Poderíamos resumirlos de xeito global como sigue

- Probas, traballos escritos, exames....70% da nota.

- Tarefas diarias, proxectos, actividades grupais, atención, participación activa: interese, perseverancia, organización co material necesario, cumprimentos das normas do grupo e da clase .30%

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.

Asemade, se a valoración dos criterios de cualificación se basea en determinados instrumentos, a recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliado a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliación usados na avaliación suspensa. No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características.

Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

6. Medidas de atención á diversidade

Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (flexibilización que abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa discapacitante ou limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos). Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optarase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe.

Tamén, neste mesmo senso, favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido, as diferente linguaxes, serán elementos fundamentais a ter en conta xunto con estratexias diversificadas para as función executivas.

Favorecerase a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias.

Promoverase a aprendizaxe entre iguais e a aprendizaxe en equipos cooperativos.

Deseñaranse actividades multinivel que permitan o traballo conxunto de todo o alumnado compartindo unha experiencia común, mais adaptada ao seu nivel e á súa capacidade de abstracción. Estas actividades deben estar inseridas en situacións de aprendizaxe, proxectos ou propostas integradas que posibiliten a contextualización necesaria.

As avaliacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos (que deberán ter variedade), como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro de datos. Deberase tamén ter presentes as necesarias autoavaliacións e coavaliacións.

Ademais convén utilizar procesos de aprendizaxe acordes coa grao de madurez, flexibilizar opcións algorítmicas para permitir que o alumnado poida facelo co seu propio sistema de procesamento, facilitar diferentes fórmulas de resolución, proporcionar fórmulas diversas para relacionar os diferentes aspectos matemáticos e unilos ao contexto real. Trátase de potenciar habilidades e destrezas que leven ao coñecemento de diferentes formas de abordar as solucións matemáticas potenciando a investigación

O CEIP Plurilingüe de Nantes debe dar unha resposta adaptada, potenciadora e compensadora das diferenzas individuais de todo o alumnado no marco normalizado do propio centro e da comunidade educativa a partir do principio básico de respecto ás diferenzas e a súa consideración como un elemento enriquecedor para a sociedade. A atención integral ao alumnado iniciárase dende o mesmo momento en que sexan detectadas as necesidades e rexerese polos principios de normalización e inclusión.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - Comunicación audiovisual				X				
ET.4 - Competencia dixital				X				
ET.5 - Espírito científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Espírito do emprendemento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a Paz	X	X					X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X	X	X	X		
ET.10 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X						

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	
ET.5 - Espírito científico	X	X	X	X
ET.6 - Espírito do emprendemento	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a Paz		X	X	
ET.9 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X			X
ET.10 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.				

Observacións:

As unidades didácticas formuladas van máis aló dunha secuenciación de contidos matemáticos, recollen temas que contextualizan a área coa vida cotiá, o que facilita a abordaxe dos elementos transversais. Por outro lado, moitos dos instrumentos de avaliación foron seleccionados para amosar a adquisición da competencia matemática, implicando directamente a outras competencias, como a lingüística. Hai varios temas transversais que están presentes en todas as unidades didácticas. Ademais estes serán tratados nas diferentes conmemoracións so longo do curso. O enfoque de xénero que se formula nesta programación, así como a proposta de traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos implica que a igualdade entre mulleres e homes estea presente no día a día da aula. Por outro lado, a resolución de problemas leva implícita o traballo da comprensión lectora, e a explicación do proceso de resolución dos mesmos, a expresión oral e escrita, polo que son tratados en todas as unidades. Por último, empregaranse o fomento da creatividade para a creación e resolución de retos e problemas, e o espírito científico propio da área para evitar en todo momento a reprodución de fórmulas ou procesos memorizados sen comprensión previa. O resto de temas transversais teñen presenza en, alo menos, dúas unidades propostas, aproveitando a temática elixida para o seu tratamento.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións	Celebración das conmemoracións establecidas na PXA	X	X	X
Festividades	Celebración das festividades tradicionais do ciclo anual	X	X	X
Saídas Didácticas	Participación nas saídas didácticas organizadas	X	X	X
Outras Actividades	Participación noutro tipo de actividades como obradoiros ou charlas	X	X	X

Observacións:

En función das necesidades se poderá engadir ou modificar algunha das actividades prevista. En todas tratarase de fomentar entre alumnado e profesorado valores de convivencia, solidariedade, etc propios das actividades de grupo..

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A temporalización das UD foi axeitada.
Máis do 75% do alumnado acadou unha avaliación positiva na área.
Utilizáronse os instrumentos de avaliación previstos.
Metodoloxía empregada
Foi preciso adoptar medidas de reforzo educativo na aula.
Empregáronse diferentes estratexias ou recursos para a presentación de novos aprendizaxes.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Flexibilizáronse os tempos, instrumentos, contidos... en función das necesidades
Medidas de atención á diversidade
Adaptáronse os modos e os recursos as diferentes dificultades de aprendizaxe.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordinouse de xeito adecuado co resto do equipo docente
Colaboración das familias

Descrición:

A hora de levar a cabo a Avaliación deste programación debemos ter en conta os indicadores de logro especificados: Enquisas, listas de control, Memoria...

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Esta programación modificarase ao longo do curso segundo as necesidades educativas dos/as alumnos/as , ampliando, modificando ou suprimindo o que se considere preciso en cada momento.

Os procedementos para avaliar a nosa programación basearanse na:

- Observación directa da adecuación da programación, en canto a obxectivos propostos, metodoloxía, criterios de avaliación, etc.
- Observación da adecuación as características do alumnado.
- Observar se establece unha boa ligazón coas competencias básicas. .
- Observación e anotacións sobre a adecuación das accións de contribución da programación cos diferentes proxectos do centro (TIC; Proxecto lector, Plan de Convivencia, Proxecto de Fomento do Uso do Galego, Proxecto lingüístico...)
- Informes escritos e observación directa das medidas de atención a diversidade (permanentes ou temporais) que se levan a cabo ao longo do curso.
- Informes escritos, tanto de anotacións que se levan a cabo na aula diariamente, como de reunións entre os diferentes profesionais que imparten clases no ciclo, para establecer a adecuación da programación e cambiar o que sexa preciso en cada momento, co fin de optimizar o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas,
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019104	CEIP Plurilingüe Nantes	Sanxenxo	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	5º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A Música e a Danza ofrecen múltiples beneficios nas persoas que o practican e contribúe ao desenvolvemento global do alumnado en múltiples dimensións:

- A través do desenvolvemento da percepción e da motricidade;
- Potenciando o pensamento crítico;
- Estimulando a atención e a memoria a curto e longo prazo;
- Mellorando a expresividade, a comunicación e a sociabilidade.
- Favorece o desenvolvemento emocional ea sensibilidade estética;
- Estética e creativa, a través da estimulación da imaxinación, da creatividade e da autonomía.

As diferentes manifestacións culturais e artísticas teñen unha presenza constante na contorna e na vida das persoas, formando parte intrínseca do seu propio ser e da súa actividade comunicativa e social, á vez que son parte esencial do patrimonio cultural.

Connatural ao ser humano desde a orixe dos tempos, pola súa importancia na vida, debe gozar da súa atención e do seu espazo. (Decreto 155/2022, do 15 de setembro). "A música pertence a todos" (Zoltan Kodály); "é unha cousa ampla, sen límites, sen fronteiras, sen bandeiras" (León Gieco). Considerase "a verdadeira linguaxe universal" (Carl M. von Weber).

A música e a danza son manifestacións artísticas que transcenden barreiras. Con traballo, constancia e motivación, calquera pode desenvolver o seu talento e mellorar non só a nivel persoal, senón tamén como parte dun grupo. A unión de persoas de diferentes caracteres, niveis e procedencias enriquece a experiencia creativa. Cada individuo aporta unha perspectiva única, transformando o proceso nunha viaxe colectiva onde todos aprenden e crecen. Ao compartir esta paixón, constrúense vínculos e celébrase a diversidade, convertendo a diferenza nunha poderosa forza que potencia a expresión artística.

A área de Música e Danza desenvólvese a través dunha dobre dimensión:

- Reflexión que leva a comprender a cultura e a desenvolver o sentido crítico a través da percepción e o análise.
- Creación e produción artística que pon en práctica a comunicación e expresión persoal e colectiva de forma plástica e visual.

Característas do entorno:

- Concello: 7 parroquias, dependente do turismo e do rural. Conta con escola de música na que participa algún alumno.
 - Centro Escolar: Situado nunha parroquia rural a 3 km do Concello no interior. Con 2 aulas de EI e 6 de primaria cun a media de 12 a 15 alumnos por aula. Unha porcentaxe alta de necesidades de diverso tipo.
 - Familias: Ambiente rural e turístico. Colaboradores e participativos; alexados da actividade presencial.
 - Alumnado: Baixo nivel de competencia lingüística, tanto oral como escrita; carencias de vocabulario, razoamento, organización e hábitos de traballo. No referente a música custa respetar os silencios, escoitar, manter a atención, situarse no espazo ou manexar a propia lateralidade. Cóntase cunha gran capacidade para ilusionarse cos novos aprendizaxes,boa disposición; incluso nas dificultades.
 - Moito movemento tanto de alumnos como do profesorado ao longo dos últimos anos.
 - Dispón de aula de informática, Biblioteca e Plástica Bilingüe
 - Pouca flexibilidade horaria ou de agrupamentos.
 - Aula de música compartida con actividades extraescolares, actuacións, Sen espazo para co material este protexido. A falta de espazo fai necesaria unha maior creatividade e imaxinación cas veces axuda a obrer resultados máis satisfactorios.
- Horario: 1 sesión de 50 minutos semanais.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar sobre de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Outono, Magosto e Nadal	Dirixida a establecer as bases de traballo: rutinas, responsabilidades, coidado do material... Achegarse aos elementos básicos da música, os instrumentos, o movemento e a linguaxe musical. O fio condutor serán as conmemoracións do primeiro trimestre.	25	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Inverno, a Paz e Entroido	E prosigue o traballo reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música e da danza. Nesta ocasión, a través do inverno, a Paz o Entroido e as conmemoracións do segundo trimestre.	25	9		X	
3	Primavera, Verán e Fin de Curso	Se seguen desenvolvendo contido, co propósito de afianzar o traballado. O fio conductor será a Primavera, o Verán, as letras galegas e as conmemoración do terceiro trimestre do curso.	25	9			X
4	Música, Danza e Emocións	Nos achegamos as musicas e danzas da nosa terra e de outras rexions e países. A través do Coro de Emocións, do traballo coas emocións e dos lugares de procedencia dos alumnos fomentamos a expresión artística individual e como grupo	25	8	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Outono, Magosto e Nadal	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	Identifica, e representa as figuras musicais traballadas.	PE	20
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre ou discrimina algunha proposta musicais tradicionais ou populares traballadas.	TI	80
CA1.6 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais.		
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais e mostra unha actitude positiva.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Interpreta e crea algunha combinación rítmica y o melódica		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes.	Reproduce rítmicamente cos instrumentos traballados fórmulas sinxelas de pregunta-resposta Utiliza elementos básicos da linguaxe musical acordes co traballado		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais e mostra unha actitude positiva.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Amosa interese pola representación artística		
CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas e mostra unha actitude positiva.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Imita e segue os movementos rítmicos ou expresivos de acordo coas instrucións pactadas		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas e mostra unha actitude positiva.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións máis representativas. Clasificación e comprensión da natureza da produción sonora en cada tipo. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Aproximación a instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción ao concepto de subdivisión. - A melodía e a forma musical. Repetición e variación melódica. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.

Contidos

- Aproximación aos principais xéneros musicais.
- Vocabulario específico de música.
- Recursos dixitais de uso común para música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical.
- Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias de recepción activa.
- Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Vocabulario específico das artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión.
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Nocións elementais de biomecánica. Linguaxes expresivas. Introducción aos métodos interpretativos. Experimentación con actos performativos. Improvisación guiada e creativa. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
2	Inverno, a Paz e Entroido	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	Identifica, e representa (con grafía no convencional) as figuras musicais traballadas.	PE	20
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre ou discrimina algunha proposta musicais tradicionais ou populares traballadas.	TI	80
CA1.6 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Mostra unha actitude positiva. antes as propostas musicais		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Interpreta e crea algunha combinación rítmica y o melódica acorde co nivel de contidos		
CA2.3 - Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes.	Utiliza elementos básicos da linguaxe musical acordes co traballado		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais e mostra unha actitude positiva.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñece diferentes estilos musicais		
CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas e mostra unha actitude positiva.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras musicais a partires das posibilidades expresivas propias		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas e mostra unha actitude positiva.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións máis representativas. Clasificación e comprensión da natureza da produción sonora en cada tipo. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Aproximación a instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción ao concepto de subdivisión. - A melodía e a forma musical. Repetición e variación melódica. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Aproximación aos principais xéneros musicais. - Vocabulario específico de música. - Recursos dixitais de uso común para música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical. - Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas. - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias de recepción activa. - Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Vocabulario específico das artes escénicas e performativas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión. - Técnicas básicas dramáticas e dancísticas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Nocións elementais de biomecánica. Linguaxes expresivas. Introducción aos métodos interpretativos. Experimentación con actos performativos. Improvisación guiada e creativa. Interese, práctica e confianza nun mesmo. - Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético. - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
3	Primavera, Verán e Fin de Curso	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	Identifica, e representa as figuras musicais traballadas.	PE	20
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre ou discrimina algunha proposta musicais tradicionais ou populares traballadas.	TI	80
CA1.6 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais.		
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais e mostra unha actitude positiva.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Interpreta e crea algunha combinación rítmica y o melódica acorde co nivel de contidos		
CA2.3 - Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes.	Utiliza elementos básicos da linguaxe musical acordes co traballado		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas musicais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Participa co grupo na interpretación dunha pequena peza musical ou unha dramatización.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais e mostra unha actitude positiva.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Amosa interese pola representación artística Recoñece diferentes estilos musicais		
CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas e mostra unha actitude positiva.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras musicais a partires das posibilidades expresivas propias		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participa activamente e de xeito cooperativo na creación de propostas artísticas		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas e mostra unha actitude positiva.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Profesións vinculadas á creación e interpretación musical. Coñecemento e valoración. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións máis representativas. Clasificación e comprensión da natureza da produción sonora en cada tipo. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Aproximación a instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción ao concepto de subdivisión.

Contidos

- A melodía e a forma musical. Repetición e variación melódica.
- Rexistro de organización de materiais

Realización do traballo na casa: Tarefas e traballos específicos 10%

- Rexistro de entrega dos traballos

Valoración de actitudes na aula: 20%

- Escoita
- Participación
- Esfuerzo
- Colaboración
- Hábitos, rutinas e normas
- Rexistro de actitude

Grao mínimo de consecución para superar a materia:

O alumnado deberá acadar como mínimo o 50% do 100% total para superar cada materia, é dicir, 5 puntos dos 10 totais.

Cualificacións:

O resultado da avaliación exprésase con cualificacións numéricas enteiras nos niveis:

- 0 a 4 puntos: Insuficiente (IN).
- 5 puntos: Suficiente (SU).
- 6 puntos: Ben (BE).
- 7 e 8 puntos: Notable (NT).
- 9 e 10 puntos: Sobresaliente (SB).

Os criterios para aproximar as unidades cando exista parte decimal son:

- Décima > ou = que 5: a cifra das unidades aumentará 1 punto. Ex. 8,6 (9-SB)
- Décima < que 5: a cifra das unidades manterase igual. Ex. 8,2 (8-NT)

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere de adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función de distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde, limpeza...

A nota representará a nota da avaliación parcial correspondente.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións realizadas no centro.	Día da Paz e da non Violencia, Día contra a Violencia de Xénero, Dereitas da infancia, etc	X	X	X
Saídas pola contorna	Prantamos árbores, Roteiro cultural, etc	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas
Medidas de atención á diversidade
As medidas de atención a diversidade fóron efectivas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Aportouse información útil ao profesorado titor

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor/a, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019104	CEIP Plurilingüe Nantes	Sanxenxo	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	5º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	23
6. Medidas de atención á diversidade	24
7.1. Concreción dos elementos transversais	27
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	29

1. Introducción

A programación didáctica da materia de relixión é a adaptación do currículo oficial aprobado pola Comisión de Ensinanza e Catequese e propón, con un carácter estable, un plan de actuación operativo para un grupo de alumnos concreto e para un tempo determinado.

O currículo estruturase arredor de áreas de coñecemento e nelas teñen que buscarse os referentes que permitirán a introdución das competencias clave nesta etapa. Así mesmo, tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas e os criterios de avaliación serven de referencia para valorar o progreso da súa adquisición.

BREVE ANÁLISE DO CONTEXTO.

CARACTERÍSTICAS DO ENTORNO

Atopámonos o C.E.I.P. Plurilingüe NANTES ubicado nunha parroquia interior do Concello de Sanxenxo, con zonas verdes e cun núcleo de poboación pequeno e con casas illadas, sendo o nivel socioeconómico das familias medio- baixo de forma xeral e con algunha excepción de nivel

socio-económico alto. O centro consta dun edificio e cun espazo exterior amplo dentro do recinto escolar con zona verde, de xogos, pista deportiva e na actualidade en construción un pavillón que polas tardes será de titularidade municipal...

O número de alumnado que asiste á clase de relixión é de 8

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos clave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconhecimento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Iguais e diferentes	Convivimos con moitas persoas e cada unha delas é diferente, pero aínda que somos diferentes temos moitas cousas en común	10	4	X		
2	Coidamos a casa común	A todos nos gusta ter a nosa casa ordeada e limpa, pero facemos o mesmo no medio ambiente?	10	4	X		
3	Buscamos o sentido	Debemos valorar e comprender todo o que nos aporta a diversidade	20	5	X		
4	Aprendemos a vivir	Que persoas son un exemplo para nos? Todo o que vivimos e experimentamos nos axuda a seguir medrando como persoas	10	4		X	
5	Un mundo mais solidario	Vivimos rodeados de persoas que nos coidan e acompañan, nos tamén podemos acompañar e coidar a outros	10	5		X	
6	Amar a todos	En todo o planeta hai miles de nenos e nenas que van á escola, pero algúns non teñen as facilidades que temos nos	20	5		X	
7	En comunidade	Hai diferentes grupos aos que pertencemos, debemos aprender a valorar e respectar a todos	10	4			X
8	Unidos celebramos	As celebracións son momentos para estar alegres coas persoas que queremos e dar a	10	4			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Unidos celebramos	gracias polas cousas boas da vida	10	4			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Iguais e diferentes	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Interven nas experiencias de reflexión sobre a dignidade das persoas	TI	100
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprende o sentido do amor cristián		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas. - Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.

UD	Título da UD	Duración
2	Coidamos a casa común	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Manifesta ideas e actitudes positivas relacionadas co coidado do planeta	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.

UD	Título da UD	Duración
3	Buscamos o sentido	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Valora e respecta as diferentes ideas dos compañeiros/as	TI	100
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Identifica persoas e tradicións relixiosas		
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Atopa similitudes entre diferentes relixións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Os dereitos humanos en diálogo coa visión cristiá. - Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividadeas, tradicións e celebracións relixiosas.

Contidos

- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo.
- Recoñecemento do papel das mulleres na Biblia e na historia da Igrexa.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- Pensamento crítico e ético para a convivencia democrática.

UD	Título da UD	Duración
4	Aprendemos a vivir	4

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Identifica algunhas virtudes que favorecen a dignidade das persoas	TI	100
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrinto como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Recoñece persoas relevantes que contribuíron á mellora da sociedade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.
- A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián.
- Situacións vitais que expoñen preguntas existenciais ou morais para a persoa.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- O Credo da Igrexa católica.
- A vida cristiá e a celebración dos sacramentos.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.
- Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá.
- Pensamento crítico e ético para a convivencia democrática.

UD	Título da UD	Duración
5	Un mundo mais solidario	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Manifesta actitudes de coidado do planeta e identifica as malas accións que o perxudican	TI	100
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Pon en práctica actitudes de axuda e respecto polos compañeiros		
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Recoñece os valores cristiáns como positivos no desenvolvemento persoal		
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Valora as actitudes que predica a relixión cristiana perdoar, compartir...		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - María, modelo de crente. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.

UD	Título da UD	Duración
6	Amar a todos	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Identifica algunhas das virtudes que favorecen a dignidade das persoas	TI	100
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrinto como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Identifica persoas que coas súas obras trataron de mellorar a vida de outras		
CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común.	Pon en práctica actitudes para unha convivencia pacífica		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividades, tradicións e celebracións relixiosas. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo. - A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas. - A paixón, morte e resurrección de Xesús e a celebración da Pascua na Igrexa. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - A visión cristiá da interdependencia, eco-dependencia e interrelación. - Establecemento dun primeiro diálogo fe e ciencia, desde o respecto, a curiosidade e escóitaa. - Aprecio do diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática.

UD	Título da UD	Duración
7	En comunidade	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Identifica algunhas das virtudes que promoven a dignidade das persoas	TI	100
CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común.	Sinala e aplica actuacións que favorecen a convivencia		
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Identifica manifestacións culturais que reflicten os principais valores cristiáns		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Recoñecemento do papel das mulleres na Biblia e na historia da Igrexa. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Compromiso e transformación social na acción da Igrexa. - A responsabilidade e o respecto no uso dos medios de comunicación e as redes sociais. - Aprecio do diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática.

UD	Título da UD	Duración
8	Unidos celebramos	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Manifesta respecto polos demais	TI	100
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Recoñece a importancia do patrimonio relixioso		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Identifica as principais crenzas da fe cristiá		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade. - Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus.

4.1. Concrecións metodolóxicas

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

No referente á Educación Primaria, esta é a etapa na que o neno comeza a ter conciencia das súas propias accións percibíndose cada vez máis como individuo, o alumnado enfrontase por primeira vez á urxente necesidade de realizar o descubrimento da súa propia identidade. Este proceso está moi condicionado polos modelos culturais que os adultos encarnan, modelos que inflúen na vida cotiá dos nenos, nos seus xogos e nas súas accións creativas. Precisamente unha das funcións da ensinanza católica nesta etapa é a

presentación dos modelos cristiáns de identificación. Estes atópanse nas figuras bíblicas máis destacadas da historia da Salvación, nas accións e vivencias da comunidade cristiá e sobre todo na persoa, vida e palabra de Xesús. A súa inseguridade, propia dunha idade temperá, está demandando modelos de vida auténticos no proceso de maduración da súa personalidade. A ensinanza relixiosa católica vai insistir na proposta explícita da persoa de Xesucristo, os principios que de El dimanan, os valores e as actitudes que brotan a fin de que o alumnado reflexione seriamente acerca da conduta persoal e social. Como en todas as áreas, o currículo da relixión e moral católica é o instrumento básico e imprescindible para o desenvolvemento da propia materia. Os principios nos que baseamos a proposta son os seguintes:

. Desde a perspectiva epistemolóxica das diferentes áreas de coñecemento:

1. Non todos aprendemos igual en todo momento.
2. En cada momento hai influencias sobre o coñecemento que proveñen das experiencias previas e das situacións novas.

3. O coñecemento é o resultado da interacción entre as experiencias previas e as situacións novas; polo que, máis que transmitirse, constrúese mediante a práctica, poñendo de relevo o seu carácter constructivista, social e interactivo.

4. Calquera coñecemento pode ter diferentes lecturas, significados e formulacións, podendo ser todos obxectivos. Ensinar/aprender supón contrastar perspectivas, enriquecer esquemas conceptuais con novas achegas por parte de todos, superar as lagoas e emendar os erros.

5. O ensino debe buscar interaccións cada vez máis ricas e significativas entre os elementos proporcionados por diferentes soportes (textos, audiovisuais, etc.), mediadores (docentes, compañeiros, pais), métodos e situacións ou feitos (da vida cotiá, descubrimentos, centros de interese, etc.).

. Desde a perspectiva psicolóxica:

a) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.

1. Das súas características evolutivo-madurativas específicas, en xeral.

2. Do seu nivel de competencia cognitiva.
 3. Dos coñecementos previamente construídos.
- b) Asegurar aprendizaxes construtivas e significativas.
1. Diagnosticando os coñecementos previos que posúe.
 2. Conectando e integrando os contidos e estratexias previos cos novos por vivir e por aprender. O alumnado, co que sabe e grazas ao xeito como o profesor ou a profesora preséntanlle a información, reorganiza o seu coñecemento entrando en novas dimensións, transferindo ese coñecemento a outras situacións, descubriendo os principios e os procesos que o explican, mellorando a súa capacidade organizativa comprensiva para outras experiencias, ideas, valores e procesos de pensamento que vai adquirir dentro e fóra da aula.
- c) Favorecer a aprendizaxe autónoma.
1. Desenvolvendo un modelo curricular que asegure que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por si mesmos, aprendendo a aprender, adquirindo estratexias cognitivas e metacognitivas que favorezan o asentamento dunha boa memoria comprensiva

(semántica). Modelo que, partindo do establecemento de redes conceptuais que permitan representar toda a estrutura da materia de forma sinxela e clara, das cales se poida formar os esquemas conceptuais e cognitivos oportunos, permita a xeración de mapas cognitivos que establezan relacións entre os distintos contidos, facilitando a percepción da súa estrutura ao dar resposta adecuada ás tres interrogantes que a ciencia expone: que (descrición) e os seus detalles (cales, como, onde e cando), o por que (explicación) e o para que (intervención).

2. Modificando progresivamente os esquemas previos do coñecemento do alumnado, desde o saber cotián ao saber científico.

d) Potenciar a actividade.

1. Facilitando a reflexión á hora da acción.

2. Posibilitando que o alumnado faga aquelas actividades que aínda non son capaces de realizar sós, pero si coa axuda conveniente (zona de desenvolvemento potencial).

. Desde a perspectiva pedagóxica:

a) Partir da avaliación inicial, específica e global.

1. Das súas aptitudes e actitudes.
 2. Das súas necesidades e intereses.
 3. Dos seus coñecementos previos, xerais e por áreas.
- b) Motivar adecuadamente.
1. Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias.
 2. Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións.
 3. Espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender
- c) Analizar os esquemas previos de coñecemento.
1. Asegurando que se posúen os requisitos básicos para poder abordar a seguinte nova aprendizaxe.
 2. Reforzando os conceptos previos máis débiles e sensibles.
- d) Fomentar a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos.
1. Achegando mediante a actitude docente o exemplo adecuado que se debe seguir (currículo implícito ou latente).
 2. Facilitando que poida desenvolver a súa actividade coa mínima axuda necesaria.

3. Consolidando enlaces entre os coñecementos previos e os novos.

4. Estruturando e dosificando os novos contidos conceptuais de forma apropiada (redes, esquemas e mapas).

5. Promovendo a funcionalidade das aprendizaxes, aplicándoas e transferíndoas a outras situacións ou contidos diferentes.

6. Tendo moi en conta os coñecementos de cada materia, respectando a súa estrutura epistemolóxica, a súa lóxica interna específica e os avances do momento.

. Desde a perspectiva sociolóxica:

a) Partir do diagnóstico inicial das relacións sociais que se dan na aula, como micro sociedade viva, xerme das futuras relacións da vida real.

1. De relacións afectivas e efectivas.

2. De roles: líderes, rexeitados, etc.

b) Formar grupos nos que se favorezan as relacións humanas e a moderación dos roles máis adecuados.

1. Facilitando a comunicación, diálogo, como base da comprensión (práctica de técnicas intragrupois de dinámica de grupo).

2. Propiciando a interrelación cos demais grupos (práctica de técnicas intergrupais).
3. Repartindo competencias e responsabilidades a todos os seus membros.
4. Desenvolvendo as capacidades de autoxestión e cooperación.
5. Favorecendo a aprendizaxe cooperativa. Darlles vida os grupos co exercicio constante de experiencias enriquecedoras.
6. Preparando para a convivencia democrática, a participación cidadá e a igualdade.
7. Respectando aos demais e as súas diferentes culturas: tolerancia e aceptación da diversidade.
8. Construindo unha cultura común.

En suma, poderíamos unilos nos seguintes principios metodolóxicos:

- a) Respecto ás leis da maduración.
- b) Comunicación e apertura.
- c) Individualización e autonomía.
- d) Socialización.
- e) Secuenciación.
- f) Flexibilidade.
- g) Aprendizaxe construtiva-significativa.
- h) Formación de hábitos e actitudes.

i) Coordinación coa familia.

Especificamente, estes principios deben facilitar:

1. A conexión co nivel de desenvolvemento real e potencial dos alumnos e as alumnas, atendendo as súas diferenzas individuais e partindo do próximo para chegar ao afastado. Esta atención á diversidade requirirá a elaboración de programas específicos que asuman a función compensadora que pretende a Educación Primaria.
2. A comunicación a través do diálogo e a apertura a outras formas de pensar e obrar.
3. Un clima afectivo, rico en vivencias baseadas no respecto mutuo, procurando a motivación necesaria para espertar, manter e incrementar o interese dos alumnos e as alumnas.
4. O progreso do xeral ao particular, de forma cíclica, en función do pensamento globalizado do alumno e a alumna, integrando as áreas coa formulación de contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais comúns, tendo en conta a transversalidade do currículo.
5. A adaptación da acción educativa ás diferenzas persoais (capacidade, intereses e ritmo de aprendizaxe), como base do desenvolvemento

integral e autónomo.

6. O espírito de grupo co exercicio da participación e a cooperación, practicando a aprendizaxe en grupo, a interacción e interrelación de iguais e de discentes e docente.

7. A organización de contidos, de maneira que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para conseguilas.

8. A actividade constante do alumno e a alumna, entendéndoa como ferramenta básica da aprendizaxe autorregulado.

9. A flexibilidade adecuada nas diversas situacións de aprendizaxe, tanto na selección da metodoloxía máis aconsellable en cada caso como nos aspectos organizativos espazotemporais.

10. A aprendizaxe construtiva-significativa, partindo da consolidación do saber anterior e o reforzo daquel que permita enlazar os organizadores previos co novo coñecemento que se debe adquirir.

11. O xogo como elemento motivador fundamental na construción da moralidade, regulando o paso da heteronomía á autonomía persoal e social.

12. A creatividade de alumnos e alumnas e

docentes, como forma diversificada e enriquecedora de comunicación.

13. O tránsito desde a formación de conceptos e a aplicación de procedementos á construción de hábitos e a definición de actitudes, que culmine a consolidación de valores e o respecto ás normas.

14. O contacto escola familia como marco afectivo de relacións e, por extensión, de toda a comunidade educativa.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libros de Relixión Católica
Biblias e libros de consulta
Material dixital: internet, ordenador, tablet, proxector, aplicacións informáticas
Material de expresión plástica

Os materiais e recursos didácticos que se propoñen están en coherencia e ao servizo dos demais elementos da programación didáctica. A insuficiente carga lectiva desta materia esixe unha planificación que permita rentabilizar os tempos de traballo directo co grupo para desenvolver o programado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Cada nova situación de aprendizaxe require descubrir o tipo e grao de coñecemento que o escolar posúe sobre o contido que debe aprender. Isto axúda ao profesor a planificar as novas aprendizaxes que propón na aula. A avaliación inicial realízase ao principio de calquera secuencia de aprendizaxe pero, sobre todo, é fundamental na primeira aproximación ao neno e a nena. Esta avaliación inicial vai consistir na realización dunha proba que pode ser escrita, oral ou a través de xogos no EDI, que estará adaptada ao curso ao que vai dirixida e tendo en conta os resultados adaptaremos a programación

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	20	10	10	20	10	10	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade

- Realización do traballo na aula:

Realización adecuada do traballo

Organización dos materiais

Presentación do caderno

- Valoración de actitudes na aula:

Escoita

Participación

Esfuerzo

Colaboración

Hábitos, rutinas e normas

Criterios de recuperación:

Cando o alumnado non acada os obxectivos e as competencias establecidas en cada unidade, propóñense actividades lúdicas e rebaixase a súa dificultade, polo que é fácil chegar aos mínimos propostos

6. Medidas de atención á diversidade

A atención a diversidade establécese como principio fundamental que debe rexer todo ensino básico, co obxectivo de proporcionar a todo alumnado unha educación adecuada as súas características e necesidades.

A atención a diversidade presupón partir da idea de que o grupo/clase non é homoxéneo e consideramos que os alumnos non son todos iguais, senón diferentes. O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma aula.

A estrutura da nosa programación facilita a adaptación ós diferentes ritmos de aprendizaxe, dando resposta tanto a aqueles nenos/as que non presentan dificultades significativas para alcanzar os obxectivos como aqueles que necesitan unha

atención máis específica nun momento determinado. Co grupo de alumnos/as ó que vai dirixida esta programación terase en conta a diversidades de capacidades, intereses, motivacións, pero sobre todo, atenderase a maduración do alumnado, máximo nun período tan importante como é o inicio e despegue dos procesos lectoescritores.

As medidas plantexadas serán:

- Avaliación inicial a través da cal detectamos os coñecementos previos, actitudes, etc. que cada neno/a ten sobre o que traballamos. Isto permite prestar a axuda oportuna así como decidir sobre que aspectos debemos incidir.

- Unhas actividades complementarias programadas para cada unidade segundo as necesidades do alumno/a.

- Un clima e ambiente de traballo que favoreza a autonomía e o traballo en grupo e permita o mestre axustar a axuda e as actividades a cada caso segundo se requira.

- A avaliación vai servir para guiar e reconducir o proceso de aprendizaxe, determinando a axuda máis axeitada para cada alumno.

A atención o alumnado que presenta Necesidades

Específicas de Apoio Educativo concretáanse do seguinte xeito:

a) Alumnado con dificultades de aprendizaxe: actividades de reforzo das diferentes unidades didácticas adaptándoas a cada nivel particular

b) O alumnado con dificultades de integración: posta en marcha de actividades grupais que fomenten a autoestima e a relación cos/as compañeiros/as, os pequenos grupos serán mixtos e rotatorios para que poidan relacionarse con todos/as eles/as.

Por outra banda sinalar, como indicábamos na contextualización, que si na nosa aula acoden nenos/as pertencentes a outras culturas. As medidas que se adoptarán serán:

Programar actividades de coñecemento e integración afectiva.

— Incluir nas unidades elementos das diferentes culturas: costumes, paisaxes, gastronomía, ...

— Trataremos de enriquecer a aula con materiais e recursos multiculturais.

— Intentaremos levar a cabo contactos coas familias, na medida do posible, solicitando a súa colaboración nas tarefas educativas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación ambiental		X		X	X			
ET.3 - Educación para a igualdade de sexos			X				X	X
ET.4 - Educación moral e cívica	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para o consumidor			X					
ET.6 - Educación para a solidariedade e a tolerancia	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a convivencia e o respecto polos demais, tendo en conta a diversidade	X	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
O Nadal	Preparación do Belén	X		
Pascua	Xogos de buscar ovos de Pascua polo patio			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Estableceuse unha relación adecuada entre competencias, obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
A adecuación de obxectivos, contidos, medios e metodoloxía foi a axeitada ás necesidades reais da aula.
As actividades realizadas serviron para acadar os obxectivos propostos.
Estableceuse un clima afectivo-positivo, cun carácter lúdico e activo.
Os contidos permitiron ao alumnado acadar os obxectivos propostos.

Tívoise en conta ao alumnado NEAE para planificar os obxectivos, os contidos e as actividades de aprendizaxe.
Os recursos foron suficientes e adaptados á diversidade.
Na distribución do tempo tívoise conta a actividade a realizar, a dificultade e as características do alumnado.
A organización e coordinación dos equipos docentes aportou aspectos positivos.
Incluíuse nos obxectivos e contidos, aspectos transversais da Educación en Valores.
Os instrumentos empregados para as diferentes avaliacións aportaron ao profesorado información útil do alumnado
Serviu para establecer unha relación, colaboración e implicación dos distintos membros da Comunidade Educativa.

Descrición:

Tal e como sinala a lexislación vixente a avaliación é un elemento fundamental de todo proceso educativo, que non só aporta información sobre as aprendizaxes alcanzadas polo alumnado, senon tamén que é en sí mesma unha ferramenta de aprendizaxe e debe ser aplicada para que se convirta nunha estratexia de mellora permanente do proceso de ensino e aprendizaxe. Os indicadores que se recollen neste apartado fan que se poidan valorar os diferentes apartados da práctica docente e da programación didáctica.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Avaliaremos a nosa programación:

- Trimestralmente, ao remate de cada avaliación (avaliación parcial).
- Ao final do curso (avaliación global).

Para iso teremos en conta os criterios de avaliación da programación establecidos, que serán comúns para todo o centro. Nas reunións de avaliación avaliarase a programación

Esta programación modificarase ao longo do curso segundo as necesidades educativas do alumnado, ampliando, modificando ou suprimindo o que se considere preciso en cada momento.

Os procedementos para avaliar a nosa

programación basearanse na:

- . Observación directa da adecuación da programación, en canto a obxectivos propostos, metodoloxía, criterios de avaliación, etc.

- . Observación da adecuación da programación ao centro e a aula, segundo as características do contorno en xeral e do alumnado en particular.

- . Observar se se establece unha boa ligazón coas competencias. Ao falar de competencias falamos dun proceso de aprendizaxes globais que comprenden o desenvolvemento de capacidades, máis que a exclusiva adquisición de contidos. A corrente das competencias implica a procura daquilo que é esencial para ser aprendido.

- . Observación e anotacións sobre a adecuación das accións de contribución da programación cos diferentes proxectos do centro

9. Outros apartados